#### **4.3.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en Comisión**

#### **Admisión da solicitude, asignación a Comisión e publicación do acordo**

- 08/5PRE-3307(63368)(79854)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen

Sobre os datos referidos aos convenios vixentes no ano 2011, os que se van iniciar ou os que xa se iniciaron e que non existían anteriormente entre a Deputación Provincial de Ourense e a Secretaría Xeral para o Deporte, para a construción de infraestruturas deportivas correspondentes a proxectos plurianuais

BOPG núm. 451, do 14.04.2011

A Mesa acorda a súa reconversión solicitada no doc. núm. 79854, en pregunta con resposta oral na Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 08/5PRE-5987(68893)(79855)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Acuña do Campo, María Carmen e 4 deputados máis  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da construción, posta en funcionamento e dotación do Centro de Saúde da Valenza, no concello de Barbadás

BOPG núm. 538, do 14.09.2011

A Mesa acorda a súa reconversión solicitada no doc. núm. 79855, en pregunta con resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/5PRE-8753(76848)(79856)


Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Acuña do Campo, María Carmen e Pose Mesura, Modesto  
Sobre a situación na que se atopa a adquisición dun novo TAC para o Hospital Comarcal de Valdeorras e, se é o caso, as razóns da demora da súa instalación e as previsións ao respecto

BOPG núm. 642, do 17.02.2012

A Mesa acorda a súa reconversión solicitada no doc. núm. 79856, en pregunta con resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2012

Miguel Ángel Santalices Vieira  
Vicepresidente 1.º



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/03/2012 10:49  
Nº Rexistro: 79493  
Data envío: 20/03/2012 10:49:32.708

## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada María do Carme Adán Villamarín e do seu deputado Henrique Viéitez Alonso, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

O Goberno galego leva tres anos reducindo os efectivos do ensino público galego. De feito, a propia Consellaría de Cultura e Educación reconece a perda de profesorado nesta lexislatura. Na actualidade hai 1500 profesores e profesoras menos nas aulas públicas galegas. Asemade reducíronse os efectivos educativos no número de unidades educativas, perdéronse da orde de 280 aulas públicas.

Na cidade de Vigo a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria implementou esta política desde o inicio da lexislatura até a actualidade. Moitos son os exemplos que podemos poñer a este respecto, tales como a desaparición das unidades educativas de secundaria e bacharelato do IES Paz Andrade e do IES Manuel Antonio ou a perda da educación de adultos en tres centros da cidade.

Agora a esta situación temos que engadir o peche de tres centros. Coa escusa da situación actual da antiga Caixanova (agora Novagaliciabanco) vai pechar o Colexio Caixanova da R/ Filipinas, xunto coa EEI Nugal e a EEI Rúa Palencia. A Consellería de Educación desaproveita esta oportunidade para facerse cargo deste Colexio xestionado por Caixanova con profesorado do ensino público, asumindo a propia Consellería a xestión que facía Caixanova ou construíndo un novo Centro nas proximidades. A Consellería decide dismantelar tres Centros Públicos no centro da



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

cidade, deixando cada vez máis o ensino no centro de Vigo en mans do ensino privado.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a modificar a súa política educativa de desmantelamento do ensino público. Dese xeito, na cidade de Vigo retomárase a cuestión do centro de Caixanova facéndose cargo a Consellaría de Cultura e Educación da xestión directa deste centro. Asemade, revisarase a situación das EEI Nogal e EEI Rúa Palencia tentando buscar unha solución para a súa mellora e continuidade.”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2012.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Henrique Viéitez Alonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG.


Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme Adán Villamarín na data 20/03/2012 10:18:05**

**Henrique Vieitez Alonso na data 20/03/2012 10:18:09**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/03/2012 10:49**  
**Nº Rexistro: 79493**  
Data envío: 20/03/2012 10:49:32.708

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 20/03/2012 10:18:14**





Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Juan Carlos Francisco Rivera e M<sup>a</sup> José Caride Estévez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de motivos

Na rolda de prensa posterior o Consello da Xunta de Galicia do día 16 de marzo, o Sr. presidente da Xunta de Galicia, anunciaba de xeito solemne unha solución para a fraude das participacións preferentes, consistente nin máis nin menos, que na submisión das partes, afectados e entidades financeiras, a un laudo arbitral.

Efectivamente a arbitrase é un instrumento de resolución extraxudicial de conflitos previsto no ordenamento xurídico, mesmamente na lexislación en materia de consumo. Sen embargo, a adhesión a arbitrase non é obrigatoria para as entidades financeiras nin para os afectados, polo tanto a proposta que se fai polo Sr. Núñez Feijóo non deixa de ser un “brindes o sol”.

Neste senso, a maiores, o Sr. Feijóo, anunciaba que a resolución do conflito a través dun laudo arbitral requiriría a aprobación non só das dúas partes contrapostas, afectados e entidades financeiras, senón tamén do Banco de España, da Comisión Nacional do Mercado de Valores e da propia Comisión Europea, para aquelas entidades, caso de NOVAGALICIABANCO, que teñan recibido cartos públicos do FROB.

Con esta solución “innovadora”, segundo o Sr. Núñez Feijóo, se pretendería dar cumprimento o mandato unánime dos tres grupos políticos presentes no Parlamento de Galicia para a busca dunha solución a fraude masiva das Preferentes.

A realidade, dende calquera punto de análise, é que a solución ofertada polo Sr. presidente da Xunta de Galicia non só é inviable senón que carece do máis mínimo rigor, manifesta a lixeireza con que a máxima autoridade



## Grupo Parlamentario

de Galicia trata estes temas e contribúe a xerar, aínda máis, confusión nos milleiros de afectados, que a día de hoxe ignoran que vai a ser dos seus aforros.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

En Galicia, segundo datos das asociacións de consumidores, habería máis de cen mil afectados pola comercialización das preferentes, a inmensa maioría clientes das extintas Caixas de Aforro galegas, hoxe integradas en NovaGalicia Banco, entidade que precisamente ten recibido do FROB o 93% do seu capital social, sobre dous mil cincocentos millóns de euros.

Do mesmo xeito, a diferenza das Caixas (hoxe NGB), a maioría das entidades bancarias radicadas en Galicia teñen ofertado algún tipo de solución o tema das Preferentes, mediante troco das mesmas por outro tipo de produtos con liquidez no mercado (accións, bonos convertibles,... etc).

Mesmamente, no ámbito do estado español, outras entidades teñen ofertado troco de participacións preferentes por depósitos a un prazo fixo, garantindo, polo tanto, a devolución dos aforros nun prazo razoable de tempo.

Igualmente responsables de Novagaliciabanco, entidade que aglutina a inmensa maioría dos afectados galegos, teñen manifestado publicamente que están a traballar na solución do problema, mediante a articulación dun troco das preferentes por depósitos líquidos, si ben esta solución necesitaría o aval do regulador (CNMV e Banco de España).

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia é consciente de que a pervivencia futura de NGB depende da aparición de inversores que recompre as participacións públicas do FROB, pero tamén de que se restaure a confianza na entidade, hoxe resquebraxada, mediante a devolución dos cartos a todos os afectados pola venda de preferentes e outros produtos tóxicos.

Cientes estafados, que polo seu perfil aforrador son precisamente os que contribuíron a levantar o sistema de Caixas en Galicia.

O Pleno do Parlamento ten amosado unanimidade na hora de buscar solucións, máis estas non poden quedar limitadas a ridículas e inviables propostas que ate de agora se fan dende o Goberno galego.



Grupo Parlamentario

A única solución que NGB debe ofertar, por ser a única viable, é devolver integramente os cartos mediante un troco das participacións preferentes por depósitos líquidos suxeitos a prazo fixo e determinado no tempo.

Diante desta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:**

- 1. Dirixirse ao Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores para que nun prazo non superior a un mes, autoricen as propostas que realicen as entidades financeiras galegas, nomeadamente NGB, de troco de participacións preferentes por depósitos de prazo fixo, permitindo con elo que os afectados por este tipo de produtos perpetuos poidan acceder os seus aforros nun prazo limitado de tempo.**
- 2. Dirixirse a Comisión Europea ou a calquera outro organismo da Unión Europea que teña atribuídas competencias de vixilancia, supervisión e control sobre os cartos prestados polo FROB a NGB, para que preste as autorizacións precisas para trocar as preferentes por depósitos a prazo fixo.**

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2012

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera


M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/03/2012 13:53:31**

.....  
**María José Caride Estévez na data 20/03/2012 13:53:34**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/03/2012 13:53:38**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Carmen Acuña do Campo e M<sup>a</sup> José Caride Estévez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de Motivos

O Concello de Tui esta a financiar un Centro Interfederado de Piragüismo e Remo nesa localidade coñecedor da enorme afección que a veciñanza de Tui sente dende sempre por eses deportes.

Non en vano Tui ten sido o berce de grandes deportistas que chegaron a alcanzar importantes triunfos na práctica desas modalidades para ese concello ao longo de toda a historia.

Mais, dadas as circunstancias económicas que estamos a vivir os concellos, teñen a necesidade de replantearse cales son os servizos que deben prestar e cales exceden tanto das súas competencias como das súas posibilidades orzamentarias polo que deben ser axudados no financiamento desas prestacións por outras administracións.

En Tui e coa intención de seguir protexendo o piragüismo e o remo tal e como se ten feito ata agora vese necesario que neste contexto, tanto as institucións provinciais como as autonómicas e estatais axuden a manter o Centro Interfederado de Piragüismo e Remo, xa que as limitacións orzamentarias do Concello de Tui poderían incluso poñer en perigo a súa viabilidade.

Con esa intención o Grupo Municipal Socialista levou ao Pleno do concello unha moción solicitando a colaboración doutras administracións para garantir a continuidade do Centro. Pedindo exactamente que o Centro Interfederado de Piragüismo e Remo de Tui pasara a ser considerado un Centro Especializado en Piragüismo e Remo dependente do Consello



Grupo Parlamentario

Superior de Deportes, e da Secretaría Xeral de Deportes da Xunta de Galicia.

Pero esta proposta foi rexeitada pola maioría popular afirmando que esa solicitude para o Goberno da Xunta de Galicia xa estaba en marcha.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o dito anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

**O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que o Centro Interfederado de Piragüismo e Remo do Concello de Tui se transforme nun Centro Especializado de Tecnificación Deportiva dependente do Consello Superior de Deportes e do Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra.**

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2012

Asdo.: Carmen Acuña do Campo

M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 20/03/2012 19:17:27**

**María José Caride Estévez na data 20/03/2012 19:17:30**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/03/2012 19:17:35**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos deputados Román Rodríguez González, Pedro Arias Veira, Natalia Barros Sánchez, Yolanda Díaz Lugilde, Teresa Villaverde Pais, María Soledad Piñeiro Martínez e Marisol Díaz Mouteira, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión.

Como é coñecido as Universidades son un dos axentes do Sistema Galego de Investigación e Innovación e están a vivir un novo tempo marcado por:

- O Plan de Financiamento Universitario 2011-2015, que ofrece elementos para a reordenación do Sistema Universitario de Galicia (SUG) co reto de facelo mais competitivo.
- Os dous Campus de Excelencia Internacional: O Campus Vida da Universidade de Santiago e o Campus do Mar da Universidade de Vigo, que consolidan as estratexias de investigación abertas en áreas como a biomedicina e o contorno mariño e marítimo.
- O Plan Investigación, Innovación e Crecemento (*I<sup>2</sup>C*) para o vindeiro quinquenio, que considera á Universidade galega como un dos piares fundamentais da estratexia de desenvolvemento sostible da Xunta de Galicia, pola súa implicación nos procesos de innovación tecnolóxica a través de liñas de investigación, así como a súa capacidade de formación avanzada técnica, profesional, e en investigación.
- E polo traspaso das competencias en materia de investigación universitaria á Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

No contexto dun novo modelo universitario para Galicia e dentro da nova aposta pola investigación universitaria, a Consellería de

Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está a desenvolver unha nova estratexia na ordenación, planificación e execución en materia de fomento da investigación no SUG, que ten que vir acompañada dun cambio no modelo de financiamento e achegas aos colectivos de investigadores que ten que sustentarse na eficiencia, na consecución de resultados e no aproveitamento dos mesmos polo tecido empresarial e pola sociedade galega.

Por estes motivos:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a, de acordo co previsto no Plan I<sup>2</sup>C, intensificar o apoio á investigación no Sistema Universitario de Galicia (SUG) a partir dunha estratexia de potenciación da investigación aplicada e coa redirección das achegas á carreira científica e ao financiamento aos grupos e ás infraestruturas de investigación universitaria, intensificando a transferencia e valorización do coñecemento á sociedade galega.

Planificaranse actuacións específicas dirixidas a colectivos de investigadores de moi alto nivel, campus de excelencia internacional, centros de referencia de investigación, potenciando as relacións de colaboración co tecido empresarial.

Estimularase a fortaleza dos principais grupos de referencia en investigación do Sistema Universitario de Galicia a partir de criterios e indicadores axustados a cada área de coñecemento que permitan unha clasificación, de tal xeito que no futuro se poida modular as axudas en función do nivel de cada grupo”.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2012



**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 21/03/2012 10:20:01**

**Román Rodríguez González na data 21/03/2012 10:20:10**

**Pedro Manuel Arias Veira na data 21/03/2012 10:20:16**


**Natalia Barros Sánchez na data 21/03/2012 10:20:20**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 21/03/2012 10:20:24**

**María Teresa Villaverde Pais na data 21/03/2012 10:20:29**

**María Soledad Piñeiro Martínez na data 21/03/2012 10:20:34**

**Marisol Diaz Mouteira na data 21/03/2012 10:20:38**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 21/03/2012 13:09  
**Nº Rexistro: 79606**  
Data envío: 21/03/2012 13:09:51.032

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **Ana Luisa Bouza Santiago** e dos seus deputados **Carlos Aymerich Cano**, **Henrique Viéitez Alonso** e **Manuel Parga Núñez**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.


Nos últimos anos, os centros de atención a menores tiñan unha reserva de prazas nos campamentos que organiza e desenvolve a Dirección Xeral de Xuventude que eran de balde, agás os campamentos máis caros nos que tiñan que pagar unha porcentaxe.

Polas noticias que chegan ao Grupo do BNG, este ano 2012 as previsións que se envían dende Xuventude indican que os centros de atención a menores deberán costear o gasto total de cada neno/a que apunten.

O Grupo Parlamentar do BNG considera que a Xunta escolle o peor momento para repercutir os custos dos campamentos nos centros de atención aos menores e que elude a súa obriga de que estas actividades constitúan un instrumento de re-equilibrio social, e así formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento Galego insta ao Goberno galego a manter as condicións económicas de reserva de prazas para centros de atención a menores nos campamentos de verán organizados pola DX de Xuventude.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2012.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/03/2012 13:09  
Nº Rexistro: 79606  
Data envío: 21/03/2012 13:09:51.032

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Portavoz s. do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Henrique Viéitez Alonso

Manuel Parga Núñez

Deputados do G.P. do BNG.


**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luisa Bouza Santiago na data 21/03/2012 12:02:11**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 21/03/2012 12:02:15**

**Henrique Vieitez Alonso na data 21/03/2012 12:02:21**

**Manuel Parga Nuñez na data 21/03/2012 12:02:26**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza


## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos seus deputados **Carlos Aymerich Cano** e **Ana Luisa Bouza Santiago**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa á autorización dunha oficina de farmacia en Paiosaco (Laracha).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Cun deficiente servizo de transporte público, unha poboación de máis de 3500 persoas (1500 na parroquia de Lestón e outras 2000 nas parroquias e lugares próximos) e cunha das feiras máis importantes da provincia da Coruña (que reúne o primeiro e o terceiro domingo do mes milleiros de persoas) Paiosaco non conta con oficina de farmacia, debendo os seus viciños, viciñas e visitantes desprazarse ben a Laracha, ben a Arteixo.

Desde hai anos a Asociación de Viciños/as de Paiosaco leva presentado incontábeis denuncias e solicitudes á Xunta, ao concello e ao Colexio de farmacéuticos, avaladas por máis de 2000 sinaturas, sen que até o momento se resolvese o problema. Problema do que o PP e o propio Núñez Feijoo deben ser conscientes por canto un planfeto electoral do PP –co cabezallo “Feijoo9, chegou o momento”- prometía que “con Núñez Feijoo como presidente da Xunta cumpriranse os compromisos co noso Concello, ... Unha das grandes prioridades a nivel sanitario será que Paiosaco conte coa oficina de farmacia en Paiosaco (sic) que foi esquecida polo PSOE e polo BNG”.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Así as cousas formúlase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento insta ao goberno a autorizar de inmediato unha oficina de farmacia en Paiosaco.


Santiago de Compostela, a 21 de Marzo de 2012.

Asdo. Carlos Aymerich Cano  
Deputado do G.P. do BNG  
Ana Luisa Bouza Santiago  
Deputada e Portavoz S. do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 21/03/2012 13:29:01**

**Ana Luisa Bouza Santiago na data 21/03/2012 13:29:10**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/03/2012 17:12  
Nº Rexistro: 79624  
Data envío: 21/03/2012 17:12:06.059


## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súas deputadas Ana Luisa Bouza Santiago e Tereixa Paz Franco e do seu deputado Alfredo Suárez Canal presentan a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

O Centro de Saúde de Viana do Bolo conta dende hai tempo con tres prazas de medicina xeral para atender á súa poboación asignada en xornada ordinaria. A inicios do ano 2012 unha das prazas queda vacante e iniciase a preocupación da poboación de Viana ao ver que a praza non se cobre.

Dende a alcaldía, e representantes do SERGAS en diversas ocasións, confirmase que a vacante será cuberta en cuestión de pouco tempo, pero nos últimos días as persoas con tarxetas sanitarias asignadas ao facultativo que deixou o centro de saúde, veñen recibindo cartas do SERGAS para re-asignalos a unha das dúas consultas restantes. Algunhas das persoas afectadas pola re-asignación teñen xa presentadas reclamacións por escrito ante o SERGAS.

Parece, por tanto, que o SERGAS non ten previsto dar cobertura a esa praza sen máis explicación, sen que se teñan modificado as condicións de saúde ou poboación atendida no Concello de Viana. Por ese motivo, o BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/03/2012 17:12  
Nº Rexistro: 79624  
Data envío: 21/03/2012 17:12:06.059

O Parlamento Galego insta ao Goberno galego a dar inmediata cobertura á praza vacante do Centro de Saúde de Viana do Bolo.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2012.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Portavoz s. do G.P. do BNG.

María Tereixa Paz Franco

Alfredo Suárez Canal

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luisa Bouza Santiago na data 21/03/2012 16:55:53**

**María Tereixa Paz Franco na data 21/03/2012 16:55:58**

**Alfredo Suárez Canal na data 21/03/2012 16:56:05**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **José Manuel Lage Tuñas**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión co obxecto de racionalizar o sector público institucional**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de motivos

Co obxecto de mellorar a eficiencia da Administración pública galega consideramos urxente e imprescindible racionalizar o sector público autonómico, buscando unha dimensión acorde coas necesidades do país.

Para o proceso de racionalización cómpre un estudo exhaustivo das necesidades, onde se teñan en conta as ineficiencias existentes na actualidade.

Os socialistas galegos apostamos pola modernización da Administración galega co obxecto de mellorar a prestación dos servizos aos cidadáns, optimizando os recursos económicos e aproveitando as melloras tecnolóxicas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

**O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a aprobar un Plan de racionalización do sector público institucional, a presentar ante o Parlamento de Galicia no actual período de sesións, eliminando duplicidades innecesarias e simplificando o número de entes, sociedades e empresas dependentes da Xunta de Galicia, co obxecto de facer máis áxil o funcionamento da Administración galega e diminuír os seus gastos correntes.**

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2012


Asdo.: José Manuel Lage Tuñas

Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez





 Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lage Tuñas na data 21/03/2012 18:28:11**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/03/2012 18:28:15**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa do seu deputado, **José Luis Méndez Romeu**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Un dos trucos de maxia que fai as delicias do público, nomeadamente do máis novo e por tanto máis crédulo, é a saída dun coello branco do interior dun sombreiro. O prestidixitador, previamente crea un ambiente propicio amosando que nada leva nas mans, para que o efecto da sorpresa medre.

Algo semellante, *mutatis mutandis*, ten acontecido no pasado debate do Estado da Autonomía. Logo de debullar durante hora e media tópicos, estatísticas amañadas e outras armas da dialéctica parlamentaria que non podían tapar o máis evidente, a falla de resultados tanxibles na economía e na sociedade galegas logo de tres anos de Goberno popular, o presidente alumeaba unha sorpresa branca, a fusión de dous pequenos concellos.

Sorpresa branca por canto parecía estar todo feito, sen o custo de tediosos debates previos, a confrontación democrática de ideas que sempre engade tensión, as análises económicas que amosen os custos de oportunidade, a comparación minuciosa dos servizos existentes e dos que logo existirán, os custos fiscais, etc. Era inevitable que a sorpresa, transformada en nova, saltase do pequeno aínda que simbólico marco parlamentario e cobrara vida por si mesma. De novo a imaxe dun coello. Coello Branco é unha das principais personaxes da obra de *Carroll* “Alicia no país das marabillas”, quen leva a Alicia, da realidade ao país das marabillas. Trátase dunha personaxe irresoluta, sempre correndo e sempre perseguido polo tempo.

Agora esa nova ten vida propia. No Ministerio de Facenda, na Moncloa, a iniciativa sorpresa do presidente Feijoo, está a ser diseccionada, analizada, sopesada. Unha nova idea para un tempo de crise, e sen necesidade de incrementar o gasto en I+D, fortemente contraído dende 2009.



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A achega galega a un problema ben coñecido, merece unha análise que explore os obxectivos perseguidos, os datos económicos, demográficos e de xestión que xustifiquen o proceso, así como o coñecemento das axudas que outras Administracións poidan aportar para garantir o éxito do proceso. Trátase de dous municipios con poboación recesiva e taxas de reposición máis baixas ca media española polo que a fusión non resolverá problemas demográficos e manterá un habitat moi disperso con custos notables para a prestación de servizos. Recollida de lixo, abastecemento de auga, acceso aos centros de saúde e de ensino existentes, etc, son os problemas que deben ser explicitados así como os datos de tributos locais, financiamento dos servizos e repercusión na estrutura dotacional.

Polo que o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a presentar no Parlamento no prazo de dous meses, un estudo das repercusións das posibles fusións de concellos, considerando os aspectos de viabilidade económica, integración fiscal e de servizos, así como da afección na prestación de servizos públicos

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2012


Asdo: José Luis Méndez Romeu  
Deputado do G.P. Socialista

Asdo: Abel Losada Álvarez  
Portavoz do G.P. Socialista

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 21/03/2012 18:57:01**



 Grupo Parlamentario

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/03/2012 18:57:04**

.....  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
.....



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **José Manuel Lage Tuñas** e da súa deputada **M<sup>a</sup> Dolores Rodríguez Amoroso**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión co obxecto de modernizar a lexislación en materia de xogo**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de motivos

A lexislación galega en materia de xogo ten máis de 25 anos e debe actualizarse tendo en conta a necesidade de facer compatible os intereses económicos cos intereses sociais e de saúde.

As novas tecnoloxías aplicadas aos xogos de azar con carácter lucrativo, as novas fórmulas de participación nas apostas deportivas ou a presenza do xogo a través de internet teñen suposto un importante cambio na realidade dos xogos de azar nos últimos anos.

Por iso cómpre modificar o actual marco normativo na nosa Comunidade Autónoma, e máis despois dos cambios operados no ámbito estatal.

Cabe recordar entre outras cousas que mesmo o Goberno galego regulou a través dunha Orde a modalidade do xogo de bingo electrónico, adiando daquela unha vez máis o envío ao Parlamento dun proxecto de lei que regule axeitadamente o xogo en Galicia.

En varias ocasións responsables da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza manifestábanse favorables ao incremento dos xogos lucrativos en Galicia por ser unha oportunidade para incrementar os ingresos autonómicos, pero nembargantes non se ten dado ningunha explicación sobre posibles estudos que teña elaborado a



Grupo Parlamentario

Comunidade Autónoma ao respecto de posibles ingresos futuros por unha posible modificación da lexislación vixente.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

É preciso modernizar a regulación das diferentes modalidades de xogos de azar con carácter lucrativo e facelo atendendo á nova realidade social e incorporando polo tanto o coñecemento e a experiencia dos últimos vinte e cinco anos.

Os socialistas galegos consideramos fundamental unha nova regulación e tamén vemos necesario arbitrar a protección social do xogo fronte á ludopatía e outros trastornos ou adicións que son de extrema gravidade para a saúde das persoas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:


**O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar e aprobar un novo Proxecto de lei do xogo de Galicia, adaptada ao novo marco regulador estatal e en materia de xogo “on line”, para remitir a esta Cámara no actual período de sesións, establecendo, no seu caso, as medidas lexislativas necesarias para a protección daqueles colectivos máis sensibles coma son os menores e as persoas con hábitos irregulares de xogo insertos nas condutas de ludopatía.**

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2012

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
M<sup>a</sup> Dolores Rodríguez Amoroso  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lage Tuñas na data 22/03/2012 9:42:34**

.....  
**Maria Dolores Rodriguez Amoroso na data 22/03/2012 9:42:38**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

.....  
**Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/03/2012 9:42:44**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **José Manuel Lage Tuñas**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión co obxecto de mellorar a eficiencia enerxética nos edificios públicos da Administración galega**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de motivos

Co obxecto de mellorar a eficiencia da Administración pública galega consideramos urxente e imprescindible implementar medidas de eficiencia enerxética no conxunto dos edificios públicos pertencentes á Administración autonómica.

Unha correcta administración e un bo uso dos recursos físicos dos que dispón a Xunta de Galicia poderá contribuír a unha mellora na eficiencia económica da administración galega, establecendo non só beneficios económicos senón tamén sociais e culturais.

Os socialistas galegos consideramos que a Administración pública ten que ser a primeira en dar exemplo de boas prácticas e neste sentido consideramos fundamental optimizar os edificios públicos para unha mellora da eficiencia enerxética.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implementar medidas de eficiencia enerxética no conxunto dos edificios administrativos da Xunta de Galicia co obxecto de diminuír custes e introducir sistemas e técnicas de optimización de recursos enerxéticos no mantemento de instalacións e equipamentos públicos, co obxectivo de acadar unha diminución na facturación por este concepto da Xunta de Galicia dun mínimo dun 25 % no 2012 respecto ao ano anterior.


Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2012

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lage Tuñas na data 22/03/2012 9:26:22**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/03/2012 9:26:27**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **José Manuel Lage Tuñas**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión co obxecto de racionalizar a Administración periférica da Xunta de Galicia e suprimir a figura das/os delegadas/os territoriais**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de motivos

Co obxecto de mellorar a eficiencia da Administración pública galega consideramos urxente e imprescindible racionalizar a estrutura da Administración territorial - periférica da Xunta de Galicia, buscando unha dimensión acorde coas necesidades do país.

A chegada ao Goberno galego de Alberto Núñez Feijóo como presidente no ano 2009 trouxo consigo a creación dunha nova estrutura periférica da Administración galega, concretada en cinco delegacións territoriais.

As Delegacións Territoriais supuxeron máis gastos en altos cargos, asesores e persoal de confianza ao servizo do Goberno e non tiveron ningunha consecuencia positiva para o bo funcionamento da Administración galega nin supuxeron ningunha mellora na prestación de servizos á cidadanía.

A figura das/os cinco delegadas/os territoriais é de novo cuño e vén a sumarse á estrutura xa existente, nominalmente coñecida agora como Xefaturas Territoriais e con anterioridade Delegacións Provinciais.

A existencia duns supostos superdelegadas/os, tal e como foron alcumados polo actual Goberno no momento da creación das citadas figuras, só terá servido para fins alleos ao interese xeral dos galegos e galegas, ao ter sido concibidos como ferramentas institucionais ao servizo dos intereses partidarios do conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e do presidente da Xunta de Galicia.



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Os socialistas galegos apostamos pola modernización da Administración galega co obxecto de mellorar a prestación dos servizos aos cidadáns, optimizando os recursos económicos e aproveitando as melloras tecnolóxicas, e vemos totalmente prescindible a figura das/os delegadas/os territoriais á vista do acontecido dende o ano 2009 cando foron creadas estas figuras institucionais.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

**O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a suprimir as figuras das cinco Delegacións Territoriais e dos seus respectivos gabinetes técnicos e asesores, dado que son prescindibles para o funcionamento da Xunta de Galicia como Administración autonómica ao existir xa a figura dos xefes territoriais dependentes de cada consellería.**

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2012

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lage Tuñas na data 22/03/2012 9:35:07**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/03/2012 9:35:11**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Concepción Burgo López**, do seu deputado **Modesto Pose Mesura** e da súa deputada **Carmen Acuña do Campo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de motivos

Segundo os medios de comunicación, a conselleira de Sanidade manifestou na reunión que mantivo cos veciños do barrio da Residencia da cidade de Lugo que, a posta en marcha dun PAC nas antigas instalacións do Hospital de Lugo suporía o peche do PAC agora existente en Fingoi.

Esta supresión do PAC de Fingoi, foi negada pola consellería de Sanidade en 2011 e suporía, de facelo, unha redución inaceptable dos servizos sanitarios da cidade de Lugo.

A cidade de Lugo, con preto de 100.000 habitantes só conta cun PAC, o que se sitúa en Fingoi na zona sur da cidade, mentres que o prometido no barrio da Residencia daría servizo a toda a zona norte, polo que consideramos evidente que non se pode suprimir un para montar outro.

Dende logo, é inaceptable que para poñer en marcha un servizo na Residencia, longamente prometido, se pretenda desmantelar un Punto de Atención Continuada que está noutra zona da cidade e no que no ano 2007 foi ampliado en 200 metros cun investimento de 200.000 €.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Comisión:



Grupo Parlamentario

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha, no menor tempo posible, un Centro de Atención Continuada nas instalacións do antigo Hospital de Lugo e a manter en funcionamento o PAC de Fingoi para dar un servizo sanitario axeitado á cidadanía de Lugo.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2012

Asdo.: Concepción Burgo López  
Modesto Pose Mesura  
Carmen Acuña do Campo  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia  
Asdo.: Abel Losada Álvarez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Concepción Burgo López na data 22/03/2012 10:23:35**

**Modesto Pose Mesura na data 22/03/2012 10:23:38**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 22/03/2012 10:23:44**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/03/2012 10:23:59**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista** por iniciativa dos seus deputados, **José Luis Méndez Romeu** e **Xoaquin Fernández Leiceaga**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Os conservatorios superiores de Música, existentes na Coruña e Vigo, veñen sendo tratados pola Consellaría de Educación e Cultura como calquera instituto de ensino secundario malia as grandes diferenzas existentes entre ambos niveis de ensinanza.

Os conservatorios superiores son centros de excelencia na formación de artistas. A elevada ratio en moitas clases, un profesor por alumno, a necesidade de unir ensinantes e p´rctica concertante, tanto para alumnos como para profesores, as esixencias da creación artística que non se acomoda exactamente a unha planificación horaria, o carácter de acto cultural que ten o concerto con público e xa que logo as esixencias de promoción, crítica, creación de público, etc, son elementos non previstos no ensino secundario.

Faise necesario o deseño dun sistema organizativo propio para os conservatorios superiores de Música, extensible “*mutatis mutandi*” aos conservatorios superiores de teatro, danza e outras modalidades artísticas.

A organización debería contemplar:

a) O carácter de centro cultural aberto á sociedade en canto á práctica orquestral e a realización de concertos e que se plasmarán en:

a.1) Concerto de invitados externos: institucións locais

a.2) Concertos de profesores do conservatorio, en condicións profesionais de retribución e de mérito computable como actividade de formación.



Grupo Parlamentario

a.3) Concertos de profesores e alumnos noutros conservatorios galegos, sociedades musicais, etc.

b) As necesidades organizativas específicas para actuar como centro cultural, facilitando a apertura dos edificios en fins de semana e período non lectivos, para ensaios e concertos, a dotación de bibliotecas e de fondos dabondo para libros, revistas, discos, partituras e audiovisuais, a maior flexibilidade de horarios para o profesorado, as axudas para publicacións e gravacións propias, etc.

c) Un convenio coas orquestras dos máis novos dependentes das orquestras sinfónicas galegas de carácter profesional para potenciar e coordinar ás orquestras propias dos conservatorios.

Son medidas sinxelas que no intre da integración das consellarías de Educación e Cultura non deberían resultar de imposible execución.

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dotar os conservatorios superiores de música dunha estrutura organizativa específica e dos recursos necesarios para desenvolverse como centros artísticos con proxección na comunidade.

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu  
Xoaquín Fernández Leiceaga  
Deputados do G.P. Socialista

Asdo: Abel Losada Álvarez  
Portavoz do G.P. Socialista

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**


..... **Jose Luis Méndez Romeu na data 22/03/2012 17:10:04**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/03/2012 17:10:09**

..... **Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/03/2012 17:10:13**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/03/2012 11:35  
Nº Rexistro: 79467  
Data envío: 16/03/2012 11:35:26.377

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Luisa Bouza Santiago**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

No Pleno do estado da Nación do ano 2011 aprobouse por unanimidade unha proposta de resolución instando ao Goberno galego a non introducir copagos na sanidade.

Nos últimos meses tense modificado o marco legal (decretos, lei de acompañamento dos orzamentos...) para introducir ou permitir copagos en diversos servizos sanitarios; uso irresponsable dos servizos, transporte sanitario. Tense xa implantado o cobro de 10€ por renovación da tarxeta sanitaria.

No Pleno do estado da Nación correspondente a este ano 2012 o BNG rexistrou unha proposta de resolución no mesmo sentido, tentando comprometer ao Goberno galego a non avanzar polo camiño de novos copagos sanitarios. Malia as declaracións públicas de representantes do SERGAS e da propia Conselleira que manifestan que non se introducirá o copago, o Partido Popular votou nesta ocasión contra a devandita proposta de resolución.

Ao día seguinte desta votación, o Presidente Núñez Feijóo realiza unhas declaracións aos medios nos que abre de novo a posibilidade de incorporar novos copagos e xustifica a posición do seu partido no Parlamento catalán que permitiu a introdución dun novo copago sanitario.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Dende o Partido Popular tense acusado de alarmismo inxustificado ás voces que alertaban da preparación de medidas como as que agora se defenden. É necesario que se aclare á cidadanía a posición do Goberno galego e as súas previsións.

Hai que lembrar que a sanidade págase xa cos nosos impostos, que a equidade sanitaria confórmase porque se paga en función dos recursos e úsase en función das necesidades. A introdución de re-pagos pola atención, ademais de romper este equilibrio e ser inxusta socialmente, ten un carácter disuasorio que afectará negativamente á saúde da poboación, como xa sucede en Grecia ou Portugal.

Por estes motivos, o Grupo do BNG presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1- Ten previsto o Goberno galego modificar o actual sistema de copago en farmacia? Está a negociar o Goberno galego este cambio co Goberno do Estado? En qué consiste este cambio? Ten este cambio unha intención recadatoria ou disuasoria?

2- Ten previsto o Goberno galego introducir algún novo pago ou taxa nos servizos sanitarios ás persoas usuarias polo uso dos servizos? En qué circunstancias? Ten ese cambio unha intención recadatoria ou disuasoria?

3- Ten previsto o Goberno galego realizar algunha redución da capacidade de prescrición sanitaria que afecte a decisións clínicas por motivos económicos? En qué servizos? Qué papel terá en este control o servizo de inspección?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

4.- Ten previsto o Goberno galego modificar o sistema de dispensación do material ortoprotésico? Modificaranse as táboas que indican as porcentaxes de copago? Excluirase algún material actualmente financiado? Continuará o actual sistema que permite que os establecementos facturen directamente ao SERGAS o material financiado con fondos públicos?

5.- Ten previsto o Goberno galego desenvolver regulamentariamente a intención declarada de repercutir economicamente nas persoas usuarias o uso “irresponsable” dos servizos sanitarios? Pode o Goberno galego definir con claridade a casuística que se agocha tras a expresión “uso irresponsable”?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2012.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luisa Bouza Santiago na data 16/03/2012 11:26:55**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento


**Ana Luisa Bouza Santiago** e **Bieito Lobeira Domínguez**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, sobre as declaracións do Presidente de Portos de Galiza a respecto dos espazos utilizados como aparcamento nos terreos propiedade de Portos de Galiza nos concellos de A Pobra, Ribeira e Muros.

O pasado 27 de Febreiro, o Presidente de Portos de Galiza realiza unha visita ao porto de Ribeira e nas declaracións aos medios deixase entrever a posibilidade de que nas modificacións dos plans de usos dos portos de A Pobra, Muros e Ribeira se inclúa a posibilidade de cobrar polo aparcamento de particulares. Nalgún caso trátase de espazos de uso habitual da veciñanza dos concellos afectados, nomeadamente nos días de feira.

Á vista destas informacións o Grupo parlamentario do BNG formula as seguintes Preguntas para resposta oral en Comisión:

- 1.- Está valorando Portos de Galiza a posibilidade de cobrar por estacionar vehículos particulares nos recheos dos portos de A Pobra, Ribeira e Muros?
- 2.- Ten previstas próximas modificacións no plan de usos dos portos de A Pobra, Ribeira e Muros? de ser así, cal é o obxectivo de ditas modificacións?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2012.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/03/2012 11:36**  
**Nº Rexistro: 79469**  
Data envío: 16/03/2012 11:36:26.080

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Bieito Lobeira Domínguez

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luisa Bouza Santiago na data 16/03/2012 11:12:50**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 16/03/2012 11:12:55**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Carmen Acuña do Campo e Modesto Pose Mesura**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Acábase de xubilar a persoa que ocupaba a única praza de enfermería do centro de saúde de Barbadás. Mais, esta xubilación, non trouxo consigo a conseguente contratación doutra para que se encara de prestar ese servizo motivo polo que se está producindo unha gran merma no servizo de Atención Primaria do concello.

Agora, Barbadás, aténdese co persoal de enfermería de Valenzá que se despraza aproximadamente unha hora diaria a atender as necesidades dos doentes de Barbadás. Tempo no que por certo nin sequera coincide co médico que está ao pasar consulta nese centro.


Ademais, e xa dende antes de finalizar 2011, tárdase aproximadamente un mes en conceder cita para as extraccións de sangue debido a que o persoal que forma parte do cadro de persoal do centro de saúde de Valenzá non se viu incrementado.

Con esta situación consecuencia desa política de recortes sanitarios emprendida polo Partido Popular da Xunta de Galicia non so se deteriora a asistencia sanitaria dos usuarios de Barbadás, senón tamén a dos de Valenzá, onde unha soa enfermeira ten que atender as urxencias, as extraccións de sangue e as urxencias de pediatría.

Ante a preocupación estendida entre a veciñanza pola diminución do cadro de persoal de enfermería no centro de saúde dese concello que, ademais se suma á situación similares noutros centros da provincia, tanto no caso de xubilación, como baixas ou mesmo comisións de servizos, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece a consellería a situación da Atención Primaria no Concello de Barbadás?



 Grupo Parlamentario

2. Tense recibido na consellería algunha queixa ou feito algún tipo de xestión dende o concello ante a situación que se está a dar no centro da Valenzá e de Barbadás trala xubilación dunha enfermeira?
3. Pensa a consellería cubrir esa vacante ou amortizala?
4. De pensar en cubrila, cal é a razón para non telo feito ata o de agora?
5. Cando exactamente se vai cubrir esa xubilación?
6. Considera a consellería que tal como se está a facer agora está ben cuberta a atención sanitaria de primaria para os veciñas e veciñas deste concello?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 16 de marzo de 2012

Asdo.: Carmen Acuña do Campo

Modesto Pose Mesura

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 16/03/2012 13:35:19**

**Modesto Pose Mesura na data 16/03/2012 13:35:22**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/03/2012 10:06  
**Nº Rexistro: 79486**  
Data envío: 20/03/2012 10:06:11.926

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Parga Núñez**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA** para a súa resposta oral en **Comisión**.

No Concello de Burela construíuse un centro de día para persoas con discapacidade cuxas obras remataron no ano 2010. Posteriormente foi equipado e acondicionado con axudas da Xunta de Galiza e da Deputación Provincial de Lugo.


Este centro de día da Fundación Eu Son conta con 20 prazas autorizadas pero non está en funcionamento a pesares de contar coas dotacións e os permisos pertinentes.

A corporación municipal de Burela ten solicitado ao goberno galego un convenio para concertar as prazas e así poñer en funcionamento o centro. Desta maneira poderían acceder ao mesmo con maior facilidade as persoas con discapacidade interesadas.

O Concello ten manifestado que as achegas económicas da Xunta de Galiza son imprescindibles para poder abrir este centro de día pois do contrario sería economicamente inviable o acceso ao mesmo por parte dos posibles usuarios do mesmo.

O centro de día mencionado está contiguo ao centro ocupacional que a fundación de discapacitados psíquicos ten en Burela, onde se desenvolven actividades para a integración destas persoas. A apertura do centro de día permitiría que persoas que





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/03/2012 10:06  
**Nº Rexistro: 79486**  
Data envío: 20/03/2012 10:06:11.926

polas súas capacidades non puideran participar nos obradoiros tiveran un lugar onde poder facer outras actividades, ademais de supoñer un respiro familiar para as persoas encargadas do seu cuidado.

Ante isto fórmulanse as seguintes preguntas:

Cales son os motivos polos que non está en funcionamento o centro de día para persoas con discapacidade do Concello de Burela?

Considera o goberno necesario que entre en funcionamento este centro de día?

Ten previsto realizar algunha actuación para que poida entrar en funcionamento?


Se é así, cales son as previsións do goberno para a apertura do mesmo?

Vai a desenvolver algunha actuación a Xunta de Galiza para dotar a Burela dun centro residencial para persoas con discapacidade psíquica?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2012.

Asdo.: Manuel Parga Núñez

Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/03/2012 10:06**  
**Nº Rexistro: 79486**  
Data envío: 20/03/2012 10:06:11.926

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Parga Nuñez na data 20/03/2012 10:05:18**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Acuña do Campo e Modesto Pose Mesura**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

No centro de saúde de Viana concedeuse unha comisión de servizo a un dos tres médicos que pasaban consulta ata o de agora nese concello sen que se teña cuberto a vacante que se xero con esa decisión.

Dado que se trata dun concello do rural galego moi amplo e, ademais, cunha orografía complexa que suscita grandes distancias tanto en quilómetros como en tempo, pensamos que dous facultativos resultan a todas luces insuficientes. Dado que de formularse un domicilio urxente isto suporía a ausencia de case todo a tempo do que se dispón para a atención no centro de saúde para algún dos médicos.


Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando se vai cubrir a vacante que trala concesión dunha comisión de servizo a un facultativo se ten orixinado no centro de saúde de Viana?
2. Cal é a razón para no terse cuberto xa?
3. Vai pasar tal vez como no concello de Laza e se vai anular esa praza?
4. Non supón isto un recorte nas prestacións sanitarias dos veciños e veciñas dese concello?
5. Que xestión ten feito o alcalde de Viana o respecto ca Consellería de Sanidade?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2012

Asdo.: Carmen Acuña do Campo  
Modesto Pose Mesura



 Grupo Parlamentario

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 20/03/2012 10:07:48**

**Modesto Pose Mesura na data 20/03/2012 10:07:53**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Acuña do Campo e Modesto Pose Mesura**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Os xornais facíanse eco da folga que estaban a levar a cabo os traballadores e traballadoras das ambulancias dunha empresa que presta servizo realizando traslados sanitarios na provincia de Pontevedra.

O descontento e as queixas se baseaban nos recortes sufridos no persoal, nos servizos e nos retrasos nos pagos dos salarios dos e das traballadoras.

Dado que non é a primeira folga nin a primeira queixa nin moito menos a primeira denuncia sobre recortes no servizo de ambulancias do sur de Galicia.

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece a consellería as razóns que orixinan esas queixas. Teñen relación con medidas tomadas dende a propia consellería?
2. Sabemos que se teñen agrupado lotes nesa provincia, será esa a causa desas disfuncións? Será que se producen recortes e demoras nos pagos as empresas que realizan o transporte sanitario?
3. Se formula a consellería reducir servizos nos próximos convenios nesa provincia? E noutros puntos de Galicia? De ser así, onde e cales?
4. Vai supoñer reaxustes (recorte) ou reorganizacións (recorte) esa revisión do convenio tanto no transporte sanitario urxente como no programado?
5. Coñece a consellería en que consisten os problemas actuais das empresas galegas de transporte sanitario?



Grupo Parlamentario

6. Como teñen repercutido eses problemas no servizo os e as usuarias?
7. Que vai facer a consellería para solucionar as dificultades que os problemas das empresas están a sufrir os doentes?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2012

Asdo.: Carmen Acuña do Campo


Modesto Pose Mesura

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 20/03/2012 10:41:57**

**Modesto Pose Mesura na data 20/03/2012 10:42:00**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/03/2012 10:50  
Nº Rexistro: 79494  
Data envío: 20/03/2012 10:50:15.568

## Á Mesa do Parlamento

**María do Carme Adán Villamarín e Henrique Viéitez Alonso**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

O Goberno galego leva tres anos reducindo os efectivos do ensino público galego. De feito, a propia Consellaría de Cultura e Educación reconece a perda de profesorado nesta lexislatura. Na actualidade hai 1500 profesores e profesoras menos nas aulas públicas galegas. Asemade reducíronse os efectivos educativos no número de unidades educativas, perdéronse da orde de 280 aulas públicas.

Na cidade de Vigo a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria implementou esta política desde o inicio da lexislatura até a actualidade. Moitos son os exemplos que podemos poñer a este respecto, tales como a desaparición das unidades educativas de secundaria e bacharelato do IES Paz Andrade e do IES Manuel Antonio ou a perda da educación de adultos en tres centros da cidade.

Agora a esta situación temos que engadir o peche de tres centros. Coa escusa da situación actual da antiga Caixanova (agora Novagaliciabanco) vai pechar o Colexio Caixanova da R/ Filipinas, xunto coa EEI Noyal e a EEI Rúa Palencia. A Consellería de Educación desaproveita esta oportunidade para facerse cargo deste Colexio xestionado por Caixanova con profesorado do ensino público, asumindo a propia Consellería a xestión que facía Caixanova ou construíndo un novo Centro nas proximidades. A Consellería decide dismantelar tres Centros Públicos no centro da



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

cidade, deixando cada vez máis o ensino no centro de Vigo en mans do ensino privado.

Polo anterior, presentase a seguinte pregunta:

Ten avaliado a Consellaría de Cultura e Educación o que significa para a cidade de Vigo esta perda constante de prazas educativas públicas?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2012.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Henrique Viéitez Alonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme Adán Villamarín na data 20/03/2012 10:19:26**

**Henrique Vieitez Alonso na data 20/03/2012 10:19:29**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento


**María do Carme Adán Villamarín**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Despois do retroceso que significaron os cursos 2009-2010 e 2010-2011 para a escola pública, a presenza do galego no ensino e o reequilibrio territorial en Galiza, consideramos que o curso 2011-2012 está poñendo de manifesto a política educativa do Partido Popular regresiva co ensino público galego.

Fronte ás afirmacións habituais da Consellaría o certo é que podemos observar como o PP beneficia claramente a privada. Así o podemos comprobar cos datos, no último goberno Fraga o peso da concertada incrementouse de 10.5% a 10.75% nun só ano, no bipartito, crecendo os orzamentos de educación na pública, na privada estancáronse chegando a un peso relativo do 10.8%. Hoxe, no goberno Feijóo, o peso da concertada é de 11.4%, o maior na última década.

A educación pública sufriu un ERE que se materializou na supresión dunhas 1500 prazas de profesores/as e a redución da orde de 280 unidades educativas. A isto temos que engadir unha política de formación do profesorado que elimina as licenzas por estudio e que limita fortemente as posibilidades formativas do mesmo.

No referido ao alumnado, podemos observar unha política educativa que ten reducido as bolsas para aprendizaxe de idiomas nun 59%, as bolsas universitarias nun 24.4% ou as bolsas para FP nun 60%. As familias puideron comprobar como se reduciron



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

considerabelmente as axudas ás AMPAs na xestión dos comedores escolares nun 30% ou como o suposto aforro nos libros de texto era unha quimera.


Os programas estrela da Consellaría, nomeadamente, Abalar e Centros Plurilingües, priman á rede concertada de centros fronte á escola pública. Os datos son coñecidos e públicos. No programa Abalar a porcentaxe de centros públicos é do 18,29% fronte a unha porcentaxe do 45,55% de centros privados. Nos centros plurilingües só o 5,96% da rede pública pertencen ao programa fronte a un 26,18% da privada. Isto danos unha idea de como os esforzos da Consellaría de Cultura e Educación este tres anos foron na dirección de fortalecer a rede concertada de centros en detrimento do ensino público.

Ante esta situación, o grupo parlamentar do BNG presenta as seguintes Preguntas:

1. Como valora a Consellaría de Cultura e Educación o seu labor durante estes tres anos?
2. Considera a Consellaría de Cultura e Educación que debe rectificar a súa política educativa?
3. De non ser ese o caso, é consciente a Consellaría das desigualdades entre centros que esta fomentando?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2012

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín  
Deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria do Carme Adán Villamarín na data 20/03/2012 10:45:44**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Juan Carlos Francisco Rivera e M<sup>a</sup> José Caride Estévez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Sr. presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijóo ten manifestado publicamente a necesidade de articular unha solución a fraude cometida polas entidades financeiras que comercializaron masivamente participacións preferentes entre clientes carentes de coñecementos financeiros.

Un auténtico engano aos consumidores, que só en Galicia se cuantifica en máis de 70.000 persoas afectadas e case de 1000 millóns de euros bloqueados, principalmente nas antigas Caixas de Aforro, hoxe Nova-Galiciabanco.

Neste senso, o Sr. presidente da Xunta de Galicia, ten manifestado que o seu Goberno “está ocupado e preocupado na busca dunha solución que permita os clientes trocar as participacións por depósitos líquidos”, situando a solución do problema nunha solución integral que se debe dar para o conxunto do estado.

Pola contra, a pesar das declaracións do Sr. presidente da Xunta de Galicia, distintas entidades financeiras no conxunto do estado xa teñen ofertado solucións particulares a problemática das preferentes, mesmamente trocando este produto por depósitos de prazo fixo (Kutxabanc), o que evidencia que a solución en Galicia non pasa precisamente pola decisión do Estado, senón polas posibilidades financeiras das entidades, neste caso NGB, e pola vontade política do goberno da Xunta de Galicia, ate de agora incapaz de concibir unha solución para o “corralito galego”.

Diante desta situación, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten a Xunta de Galicia información sobre as intencións de NGB de ofertar solucións aos consumidores galegos afectados pola fraude das preferentes?



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

2. Ten a Xunta de Galicia algunha información que corrobore a intención de NGB de trocar as participacións preferentes por depósitos de prazo fixo ou por outro produto que garanta a recuperación do capital principal?
3. Como valora a Xunta de Galicia que máis de 70.000 consumidores galegos teñan imposibilidade de recuperar os aforros depositados nas antigas Caixas de Aforro, hoxe NGB?
4. Que actuacións concretas está a facer a Xunta de Galicia para permitir que os depositantes recuperen os seus aforros?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2012

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/03/2012 10:54:15**

**María José Caride Estévez na data 20/03/2012 10:54:17**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Acuña do Campo e Modesto Pose Mesura**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Con moita frecuencia os xornais nos falan de problemas no transporte sanitario de Galicia.

Cando non xurde no norte xurde no sur do noso país o problema e cando non son os traballadores son os usuarios os que denuncian incumprimentos.

Ademais coñecemos tamén as sospeitas da cidadanía ante os graves problemas e tristes circunstancias que se teñen dado trala supresión de algúns servizos nocturnos de transporte sanitario urxente.

AcÁbase de aprobar un novo decreto que regula o transporte sanitario en Galicia que aínda ven xerar máis incerteza.

Pero por si todo isto fora pouco, temos que engadir que as empresas están moi preocupadas pola falta de información e transparencia da consellería. Se están prorrogando de forma sistemática os convenio para a prestación do transporte urxente e a finais de ano teríase que renovar os convenios para a realización dos programados.

Fálase de modificacións nos lotes, reagrupacións que os están a converter en moito máis grandes e tamén de compra de ambulancias por parte de concellos que son atendidas por membros de protección civil.

Tamén se comenta que os vehículos do 065 estanse a utilizar para transporte sanitario programado.



Grupo Parlamentario

Ante todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1. Pensa modificar a Consellería de Sanidade os convenios existentes para a prestación do servizo de transporte sanitario tanto urxente como programado?
2. En que van consistir exactamente esas modificacións?
3. Se vai encargar o 061 da xestión de todos os traslados tanto urxentes como programados?
4. Se pretende utilizar os recursos de protección civil ou do 065 para realizar algún tipo de transporte sanitario?
5. Se pretende agrupar o transporte sanitario galego para ofertalo todo xunto a unha soa empresa como se ten feito xa noutras Comunidades Autónomas?
6. Existe xa algunha empresa interesada? E de ser así, sería galega ou de fora?
7. Que pasaría entón co tecido empresarial propio cos traballadores e traballadoras así como cos coches e o resto de infraestruturas que ten hoxe o transporte sanitario galego? Coñece a consellería a preocupación deste colectivo?
8. Cando pensa informalo das intencións que ten a consellería para o futuro dese sector?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2012

Asdo.: Carmen Acuña do Campo

Modesto Pose Mesura

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



■ Grupo Parlamentario

**María del Carmen Acuña do Campo na data 20/03/2012 11:13:03**

**Modesto Pose Mesura na data 20/03/2012 11:13:08**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia





Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Carmen Acuña do Campo e Modesto Pose Mesura**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Estamos na era da comunicación e se impoñen as novas tecnoloxías. Internet nos acerca a realidade, a realidade sanitaria tamén...

Un blog recollía estupendamente o estado actual da atención sanitaria galega relatando a peripecia dun “cólico biliar” de forma moi ilustrativa.

Peripecia que recollo nesta iniciativa co permiso da paciente que desgraciadamente a está a padecer:

“Todo comezou o 14 de agosto cando acudín a urxencias por primeira vez cun dolor abdominal. Me diagnosticaron dun cólico biliar facéndome RX abdominal, analítica e electro, ademais de aplicarme analxesia intravenosa.

Déronme de alta nese servizo indicándome que solicitara unha consulta con cirurxía, cita que por sorte conseguín para o 25 de outubro dado que ese día xurdira un oco (72 días despois ou se prefiren dous meses e medio despois).

O 22 do mesmo mes, agosto, volvo ingresar en urxencias cos mesmos síntomas e de novo RX abdominal, analítica, electro e analxesia intravenosa.

O 25 de outubro revísanme en cirurxía onde solicitan unha ecografía abdominal indicándome pida cita despois de tela realizada. Eco para o 17/01/12 e consulta 31/01/12.

O 12 de decembro volvo a ingresar con outro cólico, mesmo protocolo.



Grupo Parlamentario

Acudo ao meu médico de cabeceira preocupada, faima unha ecografía no Centro de Saúde e me indica a leve a cirurxía o día seguinte que segundo a axenda habería un oco, alí se negan a atenderme pois din teño un expediente aberto con outro cirurxián e ademais no aceptan ecos dos Centros de Saúde.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O 25 de decembro (Nadal as 03.45 h.) de novo a urxencias por outro cólico, négome a que se me fagan máis RX por considerar que me están sobreexpondo os raios. O resto o repiten todo de novo .

O 12 de xaneiro novo cólico que resolvo no propio domicilio seguindo as indicacións do 061 aplicándome eu mesma mais analxesia.

O 15 pola noite de novo a urxencias e o 16 outra vez nesta ocasión en ambulancia, dado o meu estado.

E neste ingreso cando salgo cun informe que indica que teño feito o preoperatorio e que urxe cirurxía preferente.

Con ese informe acudo a consulta de cirurxía sen vez me reciben e se reafirman en que debo ser operada xa. Para o que me piden vez con anestesia e me dan cita de novo na propia consulta de cirurxía para ser incluída na lista de admisión deste servizo tras o cal debo esperar e rezar para que me chamen pronto.

De novo me poño mal e nesta ocasión a alta saio con cita para ingresar tres días despois. Vou ese día e me ingresan, vanme operar o día seguinte, serei a segunda ... espero, espero e non me veñen buscar, ás 14 horas comunícanme que me dan de alta se complicaron as intervencións previas e non quedou tempo para min.

Volvo a casa e de novo desfile a urxencias. Dez días despois de novo ingreso para cirurxía e aínda que non o crean volve a pasar o mesmo.

Na semana seguinte e cando xa estou francamente desesperada ingrésanme e nesa ocasión por fin me operan...”



Grupo Parlamentario

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1. Considera a consellería que isto é boa xestión?
2. Onde está a integración primaria hospitalaria xa que se trataba dun área con xestión integrada a da Coruña?
3. Canto custou este proceso con tantas consultas probas repetidas e ingresos inútiles?
4. Considera extraordinario este caso ou se trata do protocolo habitual?
5. E un exemplo do que este Goberno entende por austeridade?
6. Como explica a consellería o ocorrido e que medios vai poñer en marcha para que non se repita?


Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2012

Asdo.: Carmen Acuña do Campo

Modesto Pose Mesura

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 20/03/2012 11:38:48**

**Modesto Pose Mesura na data 20/03/2012 11:38:51**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Gallego Calvar, Ismael Rego González, María Quintas Alvarez e Pablo Xabier López Vidal**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A vista do grave incremento de incendios forestais en espazos naturais protexidos, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que lumes se produciron entre xaneiro e marzo de 2012 nas zonas de influencia dos espazos protexidos por Rede Natura, ZEPA, Parques Naturais ou calquera outra figura de protección ambiental?
2. E nos propios espazos protexidos?
3. Que concellos das zonas de influencia ou dos incluídos nos espazos protexidos resultaron afectados?
4. Cal é a superficie afectada das zonas de influencia e dos espazos protexidos?
5. Que coñece a Xunta de Galicia acerca dos motivos ou autorías destes lumes?
6. Cantas queimas autorizou a Xunta de Galicia nestes concellos?
7. Cantas delas se levaron a cabo e en que concellos?
8. Que medidas específicas adoptou a Xunta de Galicia para protexer estes espazos?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2012

Asdo.: Carmen Gallego Calvar

Ismael Rego González


María Quintas Alvarez

Pablo Xabier López Vidal

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



 Grupo Parlamentario

**Carmen Gallego Calvar na data 20/03/2012 13:03:45**

**Ismael Rego González na data 20/03/2012 13:03:48**

**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 20/03/2012 13:03:53**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Pablo Xabier López Vidal na data 20/03/2012 13:03:57**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Gallego Calvar, Ismael Rego González, María Quintas Alvarez e Pablo Xabier López Vidal**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Plan Hidrolóxico da Bacía Galicia - Costa está xa finalizando a súa tramitación e segundo a información que aporta a Xunta e Galicia pendente da súa aprobación por parte do Goberno central a través dun Real Decreto.

De cómo se aprobe este Plan e de cómo se xestione diante das outras administracións por parte da Xunta de Galicia o acordo unánime do Parlamento de Galicia a través da Moción do Grupo Parlamentario Socialista debatida o 8 de febreiro de 2011, depende o futuro dos ríos galegos e a non instalación de novos aproveitamentos hidroeléctricos neles.


Ante a importancia deste feito, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. En que datas calcula o Goberno da Xunta de Galicia que estará definitivamente aprobado o Plan Hidrolóxico da Bacía Galicia - Costa?
2. En que sentido se vai comprometer o Goberno central con este acordo unánime do Parlamento de Galicia?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2012

Asdo.: Carmen Gallego Calvar  
Ismael Rego González  
María Quintas Alvarez  
Pablo Xabier López Vidal  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

..... **Carmen Gallego Calvar na data 20/03/2012 12:51:59**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Ismael Rego González na data 20/03/2012 12:52:04**

**María Remedios Quintas Alvarez na data 20/03/2012 12:52:15**

..... **Pablo Xabier López Vidal na data 20/03/2012 12:52:19**





Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Gallego Calvar, Ismael Rego González, María Quintas Alvarez, Carmen Cajide Hervés e Pablo Xabier López Vidal**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Durante os últimos verán, cada vez que se dan as condicións de temperatura e falta de choivas axeitadas, o encoro da Baxe no río Umia resulta afectado pola presenza da cianobacteria *Microcystis Spp.*, que ofrece unha característica cor verde na auga.

Esta cianobacteria provoca dificultades no abastecemento de auga as poboacións que se teñen chegado a ter que subministrar de auga en camións cisterna cando a presenza da cianobacteria é tan abundante que non deixa funcionar axeitadamente os sistemas das ETAP.

A Xunta de Galicia está ensaiando un novo sistema dende hai xa tempo para evitar a proliferación desta cianobacteria, polo que, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:


1. Como avalía a Xunta de Galicia os resultados da aplicación de novas técnicas para evitar a *Microcystis Spp.* no encoro da Baxe, no río Umia?
2. En que consisten as novas técnicas empregadas?
3. Que investimentos se están realizando no encoro da Baxe e na canle do Umia para que recupere o seu bo estado ecolóxico?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2012

Asdo.: Carmen Gallego Calvar  
Ismael Rego González  
María Quintas Alvarez  
Carmen Cajide Hervés  
Pablo Xabier López Vidal

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Gallego Calvar na data 20/03/2012 12:49:36**

.....  
**Ismael Rego González na data 20/03/2012 12:49:40**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 20/03/2012 12:49:45**

**María del Carmen Cajide Hervés na data 20/03/2012 12:49:48**

.....  
**Pablo Xabier López Vidal na data 20/03/2012 12:49:53**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Marisol Soneira Tajés e José Luis Méndez Romeu**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Na primeira quincena de marzo o conselleiro de Presidencia e o Sº xeral de Emigración fixeron unha viaxe á Arxentina e Uruguai onde, sempre por noticias de prensa, realizaron distintas visitas a entidades galegas radicadas nestes dous países.

A deputada e o deputado que asinan teñen interese en coñecer máis polo miúdo o programa e o desenvolvemento da viaxe á que fai referencia esta pregunta. Nese senso preguntan o Goberno galego:

1.<sup>a</sup>) Cal foi o programa da visita levada a cabo polo Sr. conselleiro da Presidencia e o Sr. secretario xeral de Emigración á Arxentina e Uruguai na primeira quincena do mes de marzo?

2.<sup>a</sup>) Mantiveron algún encontro coas autoridades do Centro Galego de Bos Aires? Se é así, cales foron os temas tratados neste encontro e cales os acordos acadados?


3.<sup>a</sup>) En que situación se atopan as transferencias comprometidas para o exercicio 2011 con entidades prestadoras de servizos asistenciais, na Arxentina e Uruguai?

4.<sup>a</sup>) Ten a Xunta de Galicia algunha cantidade pendente de abonar o Hogar Español de Ancianos de Montevideo, de exercicios anteriores a 2011? De ser así, ¿cal é o importe que se debe?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2012

Asdo: Marisol Soneira Tajés  
José Luis Méndez Romeu  
Deputada e deputado do G.P. Socialista



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**María Soledad Soneira Tajés na data 20/03/2012 13:20:33**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 20/03/2012 13:20:41**

.....  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
.....



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Luis Antonio Gómez Piña**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamenario Socialista**, ao abeiro do desposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**.

A campaña da xarda deste ano apenas durou un mes e desenvolveuse na súa práctica totalidade en augas do Cantábrico, a onde acudiron numerosas embarcacións galegas ante o temor de que a cota asignada a España se esgotase antes de que esta especie migratoria chegase a augas de Galicia.

O seu temor non era infundado xa que, como todos sabemos, a xarda está chegando a augas galegas pero xa sen posibilidade de que a nosa flota poida capturala. Esta situación está xerando problemas serios de descartes e un agravio para a pequena flota artesanal que, polo seu tamaño, vese imposibilitada de trasladarse ao Cantábrico para participar da costeira desta especie.

Diante desta situación algunhas organizacións do sector propoñen un reparto de cotas por comunidades autónomas e proporcional á flota de cada unha delas. As deputadas e os deputados que asinan, diante desta situación, preguntan o Goberno galego:

1.<sup>a</sup>) Como valora a Xunta de Galicia a campaña da xarda do presente ano?

2.<sup>a</sup>) Ten previsto a Xunta de Galicia propor ó Estado outras fórmulas de reparto da cota asignada a España para esta pesqueira, ou considera que as actualmente en vigor cobren as necesidades da flota?

3.<sup>a</sup>) Cantas toneladas de xarda, nas súas diversas especies, se teñen capturado pola flota galega nesta campaña?

4.<sup>a</sup>) Cantas desas toneladas se descargaron en portos galegos?



Grupo Parlamentario

5.<sup>a</sup>) Que porcentaxe de cota, por estratos de flota, queda pendente de pescar para este exercicio?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2012

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Asdo: Marisol Soneira Tajés  
María José Caride Estévez  
José Manuel Gallego Lomba  
Luis Antonio Gómez Piña  
Deputadas e deputados do G.P. Socialista

**Asinado dixitalmente por:**

**María Soledad Soneira Tajés na data 20/03/2012 17:42:07**

**María José Caride Estévez na data 20/03/2012 17:42:10**

**José Manuel Gallego Lomba na data 20/03/2012 17:42:15**

**Luis Antonio Gómez Piña na data 20/03/2012 17:42:20**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Beatriz Sestayo Doce**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O pasado luns, 19 de marzo, celebrouse o Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea. Nel tratáronse temas moi importantes para o futuro da pesca en Europa e, moi especialmente, en Galicia.

Algúns deles pode ter consecuencias graves para o desenvolvemento futuro da nosa flota no que atinxe á súa modernización. Neste punto, e sempre polo que transmiten os medios de comunicación, non parece que as posicións españolas fosen tidas en conta polo resto dos países membros. Tampouco parece que corresen mellor sorte, aínda que parece que aquí aceptouse unha lixeira flexibilización con respecto ás posicións iniciais, a proposta para eliminar a práctica dos descartes.

Coñecemos todo isto a través de comunicados de prensa do propio Ministerio e da Comisión, pero descoñecemos as valoracións da Xunta de Galicia, a súa participación neste debate, nin o seu grao de implicación nas propostas feitas por España. Tampouco coñecemos cales son as políticas de alianzas de España e Galicia como para que fiquemos practicamente solos na defensa de determinadas propostas.

Diante dese escenario de baleiro absoluto da primeira comunidade pesqueira europea, neste debate, é polo que as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Como valora o Goberno galego os resultados do Consello de Ministros de Pesca da UE, celebrado neste mes de marzo?

2.<sup>a</sup>) Cal foi o grao de participación de Galicia na conformación da posición española?



Grupo Parlamentario

3.<sup>a</sup>) Houbo representación dalgunha comunidade autónoma na delegación española?

4.<sup>a</sup>) Cal é a posición do Goberno galego con respecto ás posicións da Comisión, sobre os descartes e os fondos para a modernización da flota?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

5.<sup>a</sup>) Que medidas pensa tomar para a defensa da posición galega sobre estes asuntos?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2012

Asdo: Marisol Soneira Tajés  
María José Caride Estévez  
José Manuel Gallego Lomba  
Beatriz Sestayo Doce  
Deputadas e deputado do G.P. Socialista

**Asinado dixitalmente por:**

**María Soledad Soneira Tajés na data 20/03/2012 18:04:59**

**María José Caride Estévez na data 20/03/2012 18:05:07**

**José Manuel Gallego Lomba na data 20/03/2012 18:05:16**

**Beatriz Sestayo Doce na data 20/03/2012 18:05:21**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza


## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa a unha discriminación lingüística no Complexo Hospitalario de Vigo que conlevou demora nunha intervención cirúrxica.

O pasado 1 de marzo un paciente realiza unha consulta preanestésica no Hospital Policlínico Cíes de Vigo. Malia ao solicitar, a anestesista confirma ao paciente non posuír un formulario en galego de consentimento informativo para a realización dunha anestesia raquídea no seu consultorio. A saída consistiu na formulación dunha queixa formal e na petición oficial desa documentación en galego. O problema aínda sen resolver.

Días despois o mesmo paciente é citado para o día 8 de marzo no Hospital Xeral de Vigo, coa información de que xa dispón do consentimento informado en galego. Porén, persoado o afectado, comproba que tampouco ese día pode exercer o seu dereito a dispor dun consentimento informado en galego para a realización da anestesia raquídea. Iso si, recoméndanlle asinar a documentación en español para non demorar aínda máis a operación cirúrxica.

O paciente non está disposto a renunciar aos seus dereitos lingüísticos, e o exercicio da súa dignidade xa lle custou unha demora de 250 días, tendo en conta unha situación similar sufrida previamente no hospital vigués “Nuestra Señora de Fátima”.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Que isto aconteza no ano 2012 non é de recibo. Nin “amabilidade” lingüística nin “bilingüismo harmónico”. O que hai é pura laminación dos dereitos cívicos (e legalmente recoñecidos) daqueles que, como neste caso, só pretenden exercelos nun centro hospitalario público, pertencente ao SERGAS. Que a día de hoxe non haxa posibilidades de exercer os dereitos lingüísticos na sanidade pública galega, non ten nome.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Que medidas se porán en marcha para garantir o exercicio dos dereitos lingüísticos na sanidade, e evitar demoras surrealistas nos tratamentos, como o descrito no caso deste paciente de Vigo?

2.<sup>a</sup>) Que medidas concretas, de carácter urxente, se adoptarán neste caso?


3.<sup>a</sup>) De quen é a responsabilidade destes feitos?

4.<sup>a</sup>) Que avaliación realiza a Secretaria Xeral de Política Lingüística desta situación?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2012.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 20/03/2012 18:19:21**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Carmen Acuña do Campo**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

O pleno de Viana aprobou en febreiro a tramitación dun expediente polo cal a Fundación Cipri Gomes (FCG) establecerá un Centro de Tecnificación Deportiva (CTD) nesa localidade.

Segundo a fundación e o propio alcalde popular de Viana se trataría do segundo CTD da Comunidade Autónoma galega e para ese proxecto o concello vai ceder o edificio do antigo instituto de Viana.

Estas instalacións contan cunha superficie de 4.000 metros cadrados que van ser rehabilitadas nos próximos meses, e para elo afirman dende a FCG que contan co apoio da Xunta de Galicia e o financiamento da Caixa.

A fundación asegura tamén que xa existen convenios de colaboración coa Unión de Gardas Cívís de Ourense, así como co Sindicato Unificado de Policía (SUP) e a Central Sindical Independiente e de Funcionarios (CSI-F) para levar a cabo nesas instalacións cursos de defensa persoal para forzas de seguridade do estado.

Ante estas afirmacións, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece o Gobeno galego este proxecto? Está de acordo co mesmo?
2. En que vai consistir exactamente a colaboración da Xunta de Galicia con ese suposto segundo Centro de tecnificación Deportiva galego?
3. Que orzamento vai destinar o mesmo e de que partida sairá?



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

4. Está de acordo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria? Impartiríase ensinanza oficial? Co profesorado do propio instituto de Viana? Incluso se implantarían cursos de formación profesional, tal e como afirma a FCG?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2012

Asdo.: Carmen Acuña do Campo  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 20/03/2012 18:28:52**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Carmen Acuña do Campo e M<sup>a</sup> José Caride Estévez**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

O Concello de Tui esta a financiar un Centro Interfederado de Piragüismo e Remo nesa localidade coñecedor da enorme afección que a veciñanza de Tui sente dende sempre por eses deportes.

Non en vano Tui ten sido o berce de grandes deportistas que chegaron a alcanzar importantes triunfos na práctica desas modalidades para ese concello ao largo de toda a historia.

Mais, dadas as circunstancias económicas que estamos a vivir os concellos, teñen a necesidade de replantearse cales son os servizos que deben prestar e cales exceden tanto das súas competencias como das súas posibilidades orzamentarias polo que deben ser axudados no financiamento desas prestacións por outras administracións.

En Tui e coa intención de seguir protexendo o piragüismo e o remo tal e como se ten feito ata agora vese necesario que neste contexto, tanto as institucións provinciais como as autonómicas e estatais axuden a manter o Centro Interfederado de Piragüismo e Remo, xa que as limitacións orzamentarias do Concello de Tui poderían incluso poñer en perigo a súa viabilidade.

Con esa intención o Grupo Municipal Socialista levou ao Pleno do concello unha moción solicitando a colaboración doutras administracións para garantir a continuidade do Centro. Pedindo exactamente que o Centro Interfederado de Piragüismo e Remo de Tui pasara a ser considerado un Centro Especializado en Piragüismo e Remo dependente do Consello



Grupo Parlamentario

Superior de Deportes, e da Secretaría Xeral de Deportes da Xunta de Galicia.

Pero esta proposta foi rexeitada pola maioría popular afirmando que esa solicitude para o Goberno da Xunta de Galicia xa estaba en marcha.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o dito anteriormente, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Contempla en caso contrario algunha outra solución que garanta a continuidade do centro en Tui?
2. É coñecedor o goberno da Xunta de Galicia desa solicitude? Cando foi presentada esa solicitude polo concello de Tui? Existe algún expediente aberto neste senso nesa Secretaría? En que consiste exactamente a formulación que fai o Concello para ese Centro? Cando vai ter resposta do Goberno da Xunta de Galicia?
3. Que opinión lle merece o Goberno que o Centro Interfederado de Tui se convertera nun Centro Especializado en Piragüismo e Remo dependente da Secretaría Xeral de Deportes? Estaría disposta a Secretaría a asumir ese centro? De ser así, cando se produciría exactamente?


Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2012

Asdo.: Carmen Acuña do Campo

M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 20/03/2012 19:20:04**

**María José Caride Estévez na data 20/03/2012 19:22:13**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



## Á Mesa do Parlamento

Román Rodríguez González, Pedro Arias Veira, Natalia Barros Sánchez, Yolanda Díaz Lugilde, Teresa Villaverde Pais, María Soledad Piñeiro Martínez e Marisol Díaz Mouteira, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Pregunta para resposta oral en Comisión.

A Xunta de Galicia ven publicar as bases reguladoras para a convocatoria do Programa de Consolidación e Estruturação de Unidades de Investigación do Sistema Universitario de Galicia.

No mesmo regúlase o réxime de axudas públicas procedentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dedicadas ao financiamento dos Grupos de Investigación e, por extensión, ó desenvolvemento da actividade investigadora nas diferentes áreas de coñecemento do Sistema Universitario de Galicia.

Sendo plenamente conscientes da actual conxuntura orzamentaria, que fai preciso priorizar o destino dos recursos públicos a fin de mellorar a eficiencia do seu uso, e tamén da necesidade de relacionar parte do financiamento universitario á obtención de resultados como estratexia para o fomento da calidade, desde o Grupo Parlamentario do PPdeG entendemos que dito Programa terá un relevante papel para o fomento e a consolidación dunha investigación universitaria de excelencia.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas:

1.- Que aspectos de dito Programa teñen unha maior repercusión

no fomento dunha cultura do esforzo e de obtención de resultados dentro do Sistema Universitario de Galicia?.

2.- Que medidas aporta o Programa para fomentar a estabilidade dos Grupos de Investigación do Sistema Universitario de Galicia?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2012

**Asinado dixitalmente por:**

**Román Rodríguez González na data 21/03/2012 9:57:07**

**Pedro Manuel Arias Veira na data 21/03/2012 9:57:15**


**Natalia Barros Sánchez na data 21/03/2012 9:57:18**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 21/03/2012 9:57:21**

**Maria Teresa Villaverde Pais na data 21/03/2012 9:57:30**

**María Soledad Piñeiro Martínez na data 21/03/2012 9:57:39**

**Marisol Diaz Mouteira na data 21/03/2012 9:57:43**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza


## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carlos Aymerich Cano e Ana Luisa Bouza Santiago**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, relativa á autorización dunha oficina de farmacia en Paiosaco (Laracha).

Cun deficiente servizo de transporte público, unha poboación de máis de 3500 persoas (1500 na parroquia de Lestón e outras 2000 nas parroquias e lugares próximos) e cunha das feiras máis importantes da provincia da Coruña (que reúne o primeiro e o terceiro domingo do mes milleiros de persoas) Paiosaco non conta con oficina de farmacia, debendo os seus viciños, viciñas e visitantes desprazarse ben a Laracha, ben a Arteixo.

Desde hai anos a Asociación de Viciños/as de Paiosaco leva presentado incontábeis denuncias e solicitudes á Xunta, ao concello e ao Colexio de farmacéuticos, avaladas por máis de 2000 sinaturas, sen que até o momento se resolvese o problema. Problema do que o PP e o propio Núñez Feijoo deben ser conscientes por canto un planfeto electoral do PP –co cabezallo “Feijoo9, chegou o momento”- prometía que “con Núñez Feijoo como presidente da Xunta cumpriranse os compromisos co noso Concello, ... Unha das grandes prioridades a nivel sanitario será que Paiosaco conte coa oficina de farmacia en Paiosaco (sic) que foi esquecida polo PSOE e polo BNG”.

Así as cousas formúlase a seguinte cuestión:



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/03/2012 13:31  
Nº Rexistro: 79610  
Data envío: 21/03/2012 13:31:30.744

Cando vai autorizar a Xunta a oficina de farmacia en Paiosaco demandada pola viciñanza e prometida polo actual presidente da Xunta?

Santiago de Compostela, a 21 de Marzo de 2012.

Asdo. Carlos Aymerich Cano  
Ana Luisa Bouza Santiago  
Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 21/03/2012 13:15:33**

**Ana Luisa Bouza Santiago na data 21/03/2012 13:15:36**

## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Balseiro Orol, Marisol Piñeiro Martínez, Encarna González Montemuiño, Rosa Oubiña Solla, Gema Freire Insua, Marta Valcárcel Gómez e Fátima Iglesias Ferreira**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión**.

Con data 8 de marzo de 2012, o Consello da Xunta vén de coñecer os traballos de elaboración do proxecto de Orde pola que se crea o Comité Técnico da Acuicultura e se establece a súa composición, organización e funcionamento.

Este órgano colexiado, de consulta e asesoramento, ten por obxecto contribuír ao desenvolvemento da acuicultura na nosa comunidade, xa que, a través dos seus informes de análise, as súas propostas e protocolos outorgará á Administración unha maior facilidade na toma de decisións. Ademais, cubrirá unha necesidade latente, xa que este sector non dispón en Galicia dun organismo específico de asesoramento na materia.

A creación deste comité constituirá un paso máis para impulsar de xeito decisivo ao desbloqueo do potencial acuícola de Galicia e como tal aparece incluído no cronograma de actuacións a levar adiante da Estratexia Galega de Acuicultura.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas.

- 1.-) ¿Cales serán as funcións deste órgano?
- 2.-) ¿Cal é a composición que se prevé para este Comité? ¿Serán todos os seus integrantes membros da Administración Autonómica?



3.-) ¿Cando se prevé que poida entrar en funcionamento o devandito órgano especializado?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2012

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Manuel Balseiro Orol na data 21/03/2012 13:36:50**

**María Soledad Piñeiro Martínez na data 21/03/2012 13:37:01**

**Encarnación González Montemuíño na data 21/03/2012 13:37:36**

**Rosa Oubiña Solla na data 21/03/2012 13:37:48**

**Freire Insua, Gema na data 21/03/2012 13:38:22**

**Marta Valcárcel Gómez na data 21/03/2012 13:38:40**

**María de Fátima Iglesias Ferreira na data 21/03/2012 13:38:49**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a imposibilidade de realizar en Vigo un casamento en galego, e ter que o efectivizar con asistencia de intérprete.

Máis surrealismo na situación lingüística que padece Galiza. Neste caso, cando unha parella, na formalización do seu casamento pola vía civil, decide facelo en galego. Todo indica que non tería porque haber problemas para que unha parella galega decidira, na Galiza, acceder ao matrimonio pola vía civil, nuns xulgados galegos (na cidade de Vigo) utilizando a lingua galega.

Mais si os houbo, e dada a negativa da maxistrada do xulgado a utilizar o idioma propio de Galiza cunha parella que así o solicitaba, só foi posíbel efectuar o casamento con asistencia de.... intérprete.

Este despropósito estrambótico só pode darse na Galiza. Haberá, probabelmente, quen asuma como natural esta situación, mesmo quen responsabilice do ocorrido ás propias vítimas da discriminación. O Goberno, mentres, cala e é cómplice dun auténtico desatino.

O certo é –e lamentabelmente non é a primeira vez que isto acontece- que persoas que queren casar en galego no seu país, non poden facelo se non é con asistencia de intérpretes. Similar ao que ocorre cando parellas doutras nacionalidades



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

realizan o casamento nos nosos xulgados. Cunha única diferenza: o galego é –  
teoricamente- idioma oficial na Galiza.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a  
súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Que avaliación realiza a Secretaria Xeral de Política Lingüística dos feitos  
descritos?

2.<sup>a</sup>) Que medidas se adoptarán para evitar situacións tan surrealistas e  
discriminatorias como a exposta?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2012.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 21/03/2012 13:56:49**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza


## Á Mesa do Parlamento

**Ana Luisa Bouza Santiago, Tereixa Paz Franco e Alfredo Suárez Canal**, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á falta de cobertura dunha praza de medicina xeral no Centro de Saúde de Viana do Bolo.

O Centro de Saúde de Viana do Bolo conta dende hai tempo con tres prazas de medicina xeral para atender á súa poboación asignada en xornada ordinaria. A inicios do ano 2012 unha das prazas queda vacante e iniciase a preocupación da poboación de Viana ao ver que a praza non se cobre.

Dende a alcaldía, e representantes do SERGAS en diversas ocasións, confirmase que a vacante será cuberta en cuestión de pouco tempo, pero nos últimos días as persoas con tarxetas sanitarias asignadas ao facultativo que deixou o centro de saúde, veñen recibindo cartas do SERGAS para re-asignalos a unha das dúas consultas restantes. Algunhas das persoas afectadas pola re-asignación teñen xa presentadas reclamacións por escrito ante o SERGAS.

Parece, por tanto, que o SERGAS non ten previsto dar cobertura a esa praza, sen máis explicación, sen que se teñan modificado as condicións de saúde ou poboación atendida no Concello de Viana. Por ese motivo, o BNG realiza as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/03/2012 17:42  
Nº Rexistro: 79625  
Data envío: 21/03/2012 17:42:01.836

- 1) Cal é o motivo de que non se teña cuberto a praza vacante de medicina xeral no Centro de Saúde de Viana do Bolo?
- 2) Cando ten previsto o Goberno galego dar cobertura á praza vacante do Centro de Saúde de Viana do Bolo?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2012.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

María Tereixa Paz Franco

Alfredo Suárez Canal

Deputadas e deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luisa Bouza Santiago na data 21/03/2012 17:40:48**

**María Tereixa Paz Franco na data 21/03/2012 17:40:52**

**Alfredo Suárez Canal na data 21/03/2012 17:40:57**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Luis Méndez Romeu**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A imposición de peaxes nas autovías portuguesas, é unha decisión autónoma do Goberno de Portugal e como tal non pode ser cuestionada. Pero a forma de implementar esa decisión ten provocado problemas importantes nos usuarios galegos que se desprazan por traballo ou por ocio ao país veciño.

Ata hoxe, os mecanismos de coordinación existentes con Portugal, nomeadamente a Agrupación Europea de Cooperación Transfronteriza (AECT) que reúne a representantes dos Executivos de Portugal e da Comunidade Autónoma, non foron quen a propoñer unha solución e convencer sobre a súa bondade. Quizais porque a AECT é un organismo funcionarial, máis atento aos procedementos burocráticos que ás necesidades das persoas.

Cómpre traballar simultaneamente en dúas solucións complementarias. Dunha banda na unificación dos dispositivos de telepeaxe a ambos lados da raia e nos mecanismos de compensación bancaria. Doutra substituíndo o actual sistema de aluguer de equipos electrónicos, que obriga a desembolsos previos, paradas non previstas para mercalos e devolvelos. En Suiza, por exemplo, existe a “Swiss Highway”, un adhesivo semellante ao da ITV española, que se merca en estacións de servizo, correos ou nas fronteiras, e que ten carácter anual. Ten un prezo de 30 euros e instalase adherida no parabrisas dos vehículos. O seu uso habilita a circular polo país durante un ano sen pagos posteriores. É unha posible fórmula sinxela.

O que resulta incomprensible é a inacción da Xunta de Galicia. Nin novas pontes con Portugal, como anunciou o presidente Núñez Feijoo na súa viaxe oficial a Lisboa, nin ferrocarril de Alta Velocidade a Oporto, nin solucións ás telepeaxes. Como sempre, Portugal fica “tan preto e tan lonxe” como é proverbial.



Grupo Parlamentario

Pero as institucións de cooperación transfronteiriza deben ter contido e o Executivo galego debe estimular a súa acción propositiva. Os cidadáns non necesitan novas burocracias senón solucións doadas aos seus problemas cotiáns.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

É por iso que o deputado que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Que iniciativas está a desenvolver o Goberno galego para convencer ao Goberno portugués da necesidade de facer compatibles os dispositivos electrónicos das telepeaxes nas estradas?

2.<sup>a</sup>) Que iniciativas está a desenvolver o Goberno galego para convencer ao Goberno portugués da necesidade de substituír o actual sistema de aluguer de dispositivos por un sistema que non obrigue á devolución, como por exemplo o que se utiliza en Suíza?

3.<sup>a</sup>) Que avances concretos se teñen dado nesas propostas durante o último ano?

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu  
Deputado do G.P. Socialista

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 21/03/2012 18:16:08**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Luis Méndez Romeu**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Un dos trucos de maxia que fai as delicias do público, nomeadamente do máis novo e por tanto máis crédulo, é a saída dun coello branco do interior dun sombreiro. O prestidixitador, previamente crea un ambiente propicio amosando que nada leva nas mans, para que o efecto da sorpresa medre.

Algo semellante, *mutatis mutandis*, ten acontecido no pasado debate do Estado da Autonomía. Logo de debullar durante hora e media tópicos, estatísticas amañadas e outras armas da dialéctica parlamentaria que non podían tapar o máis evidente, a falla de resultados tanxibles na economía e na sociedade galegas logo de tres anos de Goberno popular, o presidente alumeaba unha sorpresa branca, a fusión de dous pequenos concellos.

Sorpresa branca por canto parecía estar todo feito, sen o custo de tediosos debates previos, a confrontación democrática de ideas que sempre engade tensión, as análises económicas que amosen os custos de oportunidade, a comparación minuciosa dos servizos existentes e dos que logo existirán, os custos fiscais, etc. Era inevitable que a sorpresa, transformada en nova, saltase do pequeno aínda que simbólico marco parlamentario e cobrara vida por si mesma. De novo a imaxe dun coello. Coello Branco é unha das principais personaxes da obra de *Carroll* “Alicia no país das marabillas”, quen leva a Alicia, da realidade ao país das marabillas. Trátase dunha personaxe irresoluta, sempre correndo e sempre perseguido polo tempo.

Agora esa nova ten vida propia. No Ministerio de Facenda, na Moncloa, a iniciativa sorpresa do presidente Feijoo, está a ser diseccionada, analizada, sopesada. Unha nova idea para un tempo de crise, e sen necesidade de incrementar o gasto en I+D, fortemente contraído dende 2009.



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A achega galega a un problema ben coñecido, merece unha análise que explore os obxectivos perseguidos, os datos económicos, demográficos e de xestión que xustifiquen o proceso, así como o coñecemento das axudas que outras Administracións poidan aportar para garantir o éxito do proceso. Trátase de dous municipios con poboación recesiva e taxas de reposición máis baixas ca media española polo que a fusión non resolverá problemas demográficos e manterá un hábitat moi disperso con custos notables para a prestación de servizos. Recollida de lixo, abastecemento de auga, acceso aos centros de saúde e de ensino existentes, etc, son os problemas que se deben explicitar, así como os datos de tributos locais, financiamento dos servizos e repercusión na estrutura dotacional.


Non existindo ata hoxe ningunha información oficial nin nos concellos nin na Xunta, descoñecendo os veciños afectados as razóns polas que se inicia o proceso, no que non foron consultados, e sendo necesario ofrecerlles a información dispoñible, formulo as seguintes preguntas o Goberno galego:

- 1.<sup>a</sup>) Existen procesos en curso para a fusión de concellos galegos?, no seu caso ¿cales son?
- 2.<sup>a</sup>) Que procedementos de consulta da vontade popular foron implementados en cada un deles e cales foron os resultados?
- 3.<sup>a</sup>) Que estudos de viabilidade foron feitos?
- 4.<sup>a</sup>) Quedarán garantidos os servizos públicos coa estrutura actual ou serán unificados?
- 5.<sup>a</sup>) Que avaliación fai o Goberno galego da necesidade de fusionar concellos?

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu  
Deputado do G.P. Socialista



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

..... **Jose Luis Méndez Romeu na data 21/03/2012 19:02:17**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

.....

## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Balseiro Orol, Marisol Piñeiro Martínez, Encarna González Montemuiño, Rosa Oubiña Solla, Gema Freire Insua, Marta Valcárcel Gómez e Fátima Iglesias Ferreira** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión**.

O 9 de febreiro de 2012 o Consello da Xunta aprobaba inicialmente o novo Plan de Acuicultura do Litoral. No visor web disposto pola Consellería de Medio Rural e Mar podemos comprobar como o polígono industrial de Cuiña, en Cervo (Lugo) forma parte dos emprazamentos autorizados dentro do nivel 1 e 2 do novo plan acuícola, o que permitira situar de inmediato a instalación de novas granxas acuícolas cumprindo unha xeira de parámetros de avaliación ambiental e integración paisaxística.

O Goberno do Partido Popular corrixe con esta posibilidade unha decisión do anterior Executivo bipartito que deixou fóra ao Polígono de Cuiña do Plan de Acuicultura que no seu día foi aprobado. Ao mesmo tempo pon en evidencia a socialistas e nacionalistas que en decembro do ano 2007 votaban en contra dunha iniciativa parlamentaria promovida por Jose Manuel Balseiro reclamando que Cervo puidera acoller novas piscifactorías.

A decisión adoptada polo Executivo que preside Alberto Núñez Feijóo é de especial importancia xa que fará posible a xeración de novas oportunidades laborais e un bo número de novos postos de traballo tal e como aconteceu no seu día coa apertura das piscifactorías que están xa plenamente operativas e instaladas nesta zona industrial cervense.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas.



- 1.-) ¿Estaría o polígono empresarial de Cuíña en disposición de acoller novas iniciativas acuícolas neste momento ao abeiro do contemplado para as zonas 1 e 2 do Plan Director de Acuicultura Litoral? De ser así ¿habería a posibilidade de desenvolver proxectos nas zonas anexas a este espazo?
- 2.-) ¿Que características fan deste polígono un espazo ideal para albergar novas instalacións acuícolas?
- 3.-) A xuízo dos datos achegados, ¿que valoración fai a Xunta de Galicia da decisión do anterior Executivo bipartito de excluír este polígono dentro dos futuros emprazamentos acuícolas?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2012

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Manuel Balseiro Orol na data 22/03/2012 10:27:20**

**María Soledad Piñeiro Martínez na data 22/03/2012 10:27:28**

**Encarnación González Montemuíño na data 22/03/2012 10:27:32**

**Rosa Oubiña Solla na data 22/03/2012 10:27:40**

**Freire Insua, Gema na data 22/03/2012 10:27:49**

**Marta Valcárcel Gómez na data 22/03/2012 10:27:59**

**María de Fátima Iglesias Ferreira na data 22/03/2012 10:28:07**

## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Balseiro Orol, Marisol Piñeiro Martínez, Encarna González Montemuiño, Rosa Oubiña Solla, Gema Freire Insua, Marta Valcárcel Gómez e Fátima Iglesias Ferreira** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión**.

O 9 de febreiro de 2012 o Consello da Xunta aprobaba inicialmente o novo Plan de Acuicultura do Litoral. No visor web disposto pola Consellería de Medio Rural e Mar podemos comprobar unha radiografía da costa galega cos condicionantes que cada espazo costeiro ten para albergar novos emprazamentos acuícolas, toda vez que cumpran unha xeira de parámetros de avaliación ambiental e integración paisaxística.


A decisión de desbloqueo do desenvolvemento da acuicultura de litoral de Galicia, adoptada polo Executivo que preside Alberto Núñez Feijóo, é de especial importancia xa que fará posible a xeración de novas oportunidades laborais e un bo número de novos postos de traballo, fronte a unha lexislatura, a do bipartito de PSOE e BNG caracterizada polo desprezo a este tipo de desenvolvemento industrial e de parálise.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta para a súa resposta en Comisión.

¿Que posibilidades de desenvolvemento de novos proxectos acuícolas se abren en aplicación do contido no Plan de Acuicultura do Litoral?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2012

**Asinado dixitalmente por:**



GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA  
Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 519  
F. 981 551 422  
ce.parlamentariopopular@xunta.es  
www.parlodela.galicia.es

**Jose Manuel Balseiro Orol na data 22/03/2012 10:28:52**

**María Soledad Piñeiro Martínez na data 22/03/2012 10:29:00**

**Encarnación González Montemuíño na data 22/03/2012 10:29:05**

**Rosa Oubiña Solla na data 22/03/2012 10:29:13**

**Freire Insua, Gema na data 22/03/2012 10:29:21**

**Marta Valcárcel Gómez na data 22/03/2012 10:29:31**

**María de Fátima Iglesias Ferreira na data 22/03/2012 10:29:41**

## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Balseiro Orol, Marisol Piñeiro Martínez, Encarna González Montemuiño, Rosa Oubiña Solla, Gema Freire Insua, Marta Valcárcel Gómez e Fátima Iglesias Ferreira**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión**.

O 9 de febreiro de 2012 o Consello da Xunta aprobaba inicialmente o novo Plan de Acuicultura do Litoral. No visor web disposto pola Consellería de Medio Rural e Mar podemos comprobar unha radiografía da costa galega cos condicionantes que cada espazo costeiro ten para albergar novos emprazamentos acuícolas, toda vez que cumpran unha xeira de parámetros de avaliación ambiental e integración paisaxística.

A decisión de desbloqueo do desenvolvemento da acuicultura de litoral de Galicia, adoptada polo Executivo que preside Alberto Núñez Feijóo, é de especial importancia xa que fará posible a xeración de novas oportunidades laborais e un bo número de novos postos de traballo, fronte a unha lexislatura, a do bipartito de PSOE e BNG caracterizada polo desprezo a este tipo de desenvolvemento industrial e de parálise.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas.

- 1.-) ¿En que situación, a grandes trazos, se atopa a costa de Lugo ao obxecto de albergar novos emprazamentos acuícolas?
- 2.-) ¿Que características definirían ao litoral da Mariña lucense como espazo para albergar novas instalacións acuícolas?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2012

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Manuel Balseiro Orol na data 22/03/2012 10:30:07**

**María Soledad Piñeiro Martínez na data 22/03/2012 10:30:23**

**Encarnación González Montemuíño na data 22/03/2012 10:30:27**

**Rosa Oubiña Solla na data 22/03/2012 10:30:36**

**Freire Insua, Gema na data 22/03/2012 10:30:44**

**Marta Valcárcel Gómez na data 22/03/2012 10:30:53**

**María de Fátima Iglesias Ferreira na data 22/03/2012 10:31:01**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luís Toxo Ramallo**, deputada e deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

No ano 2007 a Consellería de Vivenda convocou un concurso de ideas para desenvolver a unidade de actuación UI-8 radicada na zona da Tinería da cidade de Lugo, onde se atopa o chamado pazo de dona Urraca. No ano 2010 o actual Goberno da Xunta de Galicia afirmou que descartaba levar adiante o proxecto do citado concurso de ideas e que esta unidade de actuación UI-8 sería desenvolvida segundo o plan especial, aprobado na VI lexislatura polo Goberno do Partido Popular, e que ia proceder a encargar os proxectos para a construción de vivendas e o arranxo de medianeiras, tendo a previsión de comezar as obras no 2011.


A principios de 2012 os medios de comunicación facíanse eco da decisión da Xunta de Galicia de renunciar a levar adiante as actuacións previstas na UI-8 e no Pazo de Dona Urraca.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Vai a desenvolverse, por parte da Xunta de Galicia, a UI-8 no barrio da Tinería de Lugo?
- 2.<sup>a</sup>) Senón é así, por qué se renuncia a desenvolver esta unidade de actuación?
- 3.<sup>a</sup>) Dado que o barrio da Tinería está sendo rehabilitado de forma practicamente integral ¿que consecuencias ten para este barrio a renuncia da Xunta de Galicia a desenvolver a UI-8?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2012  
Asdo.: Concepción Burgo López  
Luís Toxo Ramallo



 Grupo Parlamentario

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

.....  
**María Concepción Burgo López na data 22/03/2012 9:56:11**

**Luis María Tojo Ramallo na data 22/03/2012 9:56:51**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López, Modesto Pose Mesura e Carmen Acuña do Campo**, deputadas e deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Segundo os medios de comunicación, a conselleira de Sanidade manifestou na reunión que mantivo cos veciños do barrio da Residencia da cidade de Lugo que, a posta en marcha dun PAC nas antigas instalacións do Hospital de Lugo suporía o peche do PAC agora existente en Fingoi.

Esta supresión do PAC de Fingoi, foi negada pola consellería de Sanidade en 2011 e suporía, de facelo, unha redución inaceptable dos servizos sanitarios da cidade de Lugo.

A cidade de Lugo, con preto de 100.000 habitantes só conta cun PAC, o que se sitúa en Fingoi na zona sur da cidade, mentres que o prometido no barrio da Residencia daría servizo a toda a zona norte, polo que consideramos evidente que non se pode suprimir un para montar outro.

Dende logo, é inaceptable que para poñer en marcha un servizo na Residencia, longamente prometido, se pretenda desmantelar un Punto de Atención Continuada que está noutra zona da cidade e no que no ano 2007 foi ampliado en 200 metros cun investimento de 200.000 €.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.<sup>a</sup>) Pensa a Consellería de Sanidade eliminar o PAC de Fingoi de Lugo para trasladalo ás antigas instalacións do Hospital de Lugo no barrio da Residencia?

2.<sup>a</sup>) Por que afirmou a Consellería de Sanidade en 2011 que non se pecharía o PAC de Fingoi? estaba mentindo en esa ocasión?





Grupo Parlamentario

3.<sup>a</sup>) Non considera a Consellería de Sanidade que a cidade de Lugo necesita dous PAC?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2012

Asdo.: Concepción Burgo López

Modesto Pose Mesura

Carmen Acuña do Campo

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Concepción Burgo López na data 22/03/2012 10:07:46**

**Modesto Pose Mesura na data 22/03/2012 10:07:50**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 22/03/2012 10:07:56**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Pablo Xabier López Vidal, María Quintas Alvarez, Juan Carlos Francisco Rivera e Carmen Acuña do Campo**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A Ministra de Fomento do Goberno de España vén de manifestar publicamente que se está a estudar por parte do seu Ministerio o proxecto da variante exterior que conformaba a pedra angular da integración ferroviaria da alta velocidade en Ourense, posto que non ve razoable o investimento previsto nesta actuación emblemática e histórica na cidade das Burgas.

Con este anuncio pouco reflexionado, efectuado pola recentemente nomeada Ministra de Fomento, estase poñendo en cuestión o maior proxecto de reordenación urbanística e de transformación do tecido urbano da cidade de Ourense. Logo de analizar profusamente as alternativas do estudio informativo, optouse con bo criterio por un corredor que permite liberar terreos e mellorar a permeabilidade da traza urbana. A variante proposta racha coa actual fenda que supón a vía pola cidade, mellora a continuidade da trama urbana e integra dous barrios illados pola actual praia de vías férreas.

Foi o 24 de febreiro de 2011 cando, logo dun denso e complicado proceso negociador, que comeza en xaneiro do ano 2008, se presenta no Concello de Ourense o novo trazado en variante con parámetros de alta velocidade, chamado a coser a actual ruptura do territorio na cidade. Nese día se presenta publicamente a solución que contemplaba o estudio informativo para a integración ferroviaria en Ourense.

Unha solución que opta polo corredor que libera terreos entre Seixalvo e a actual estación, mellorando de xeito substancial a permeabilidade. Permite ademais liberar o corredor ferroviario actual, formulando un trazado en variante con parámetros de alta velocidade ferroviaria e rematando coa actual ruptura no territorio, dando servizo aos tráfico de viaxeiros e



Grupo Parlamentario

mercadorías, que circularían por vías independentes. Esta alternativa que no seu día foi seleccionada, incluía tres ramais de enlace coa liña Ourense – Monforte -Lugo, dous correspondentes a vía dobre de ancho internacional e unha terceira para a vía única de ancho ibérico existente, mantendo esta a apartadoiro a unha empresa e a estación de Taboadela.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Con posterioridade o día 12 de abril de 2011, o daquela Ministro de Fomento, José Blanco, o Alcalde de Ourense, Francisco González, o presidente de Adif, Antonio González, e o presidente de Renfe, Teófilo Serrano, asinan o protocolo de colaboración para a integración do AVE en Ourense. Nese compromiso se incluíu con meridiana claridade a unificación das liñas ferroviarias de alta velocidade de ancho internacional e de tráfico convencional en ancho ibérico nunha nova variante de trazado independente do corredor actual dende Seixalvo ate a Estación de Ourense – Empalme.

A cidade de Ourense está chamada a ser a porta de entrada da alta velocidade a Galicia en dobre vía e no seu día en ancho internacional. Agora coa chegada ao goberno do Partido Popular todo este grande soño colectivo estase poñendo en cuestión: a integración e a estación intermodal. Alguén está empeñado en rachar e parar a chegada da alta velocidade a Galicia. Alguén se está a converter nun obstáculo para o AVE, quere que este descarrile en Ourense.

Esta nova alternativa que vén de ser cuestionada pola actual responsable de Fomento do Goberno de España foi no seu día acordada e negociado coas administracións responsables, co ánimo de mudar o actual trazado bordeando a cidade e liberando o corredor actual para outras finalidades. O investimento previsto para esta actuación de 16,4 quilómetros era de 560 millóns de euros. Con elo se evitaba a fenda existente no termo municipal de Ourense polo actual trazado da vía única, que dende o ano 1952 divide os barrios da cidade. Un obxectivo no seu día conseguido que hoxe está sendo inxustamente cuestionado.



Grupo Parlamentario

Diante deste novo ataque ao desenvolvemento futura da cidade de Ourense e a minoración das prestacións da alta velocidade a Galicia, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1ª).- Como valora a Xunta de Galicia as manifestacións da Ministra de Fomento poñendo en cuestión a Variante ferroviaria de Ourense?

2ª).- É consciente a Xunta de Galicia que si se produce unha modificación neste trazado aprobado a chegada da alta velocidade a Galicia verase seriamente danada nos tempos e na velocidade?

3ª).- Como se explica o silencio cómplice da Xunta de Galicia diante das continuos anuncios de paralización e reprogramación da chegada do AVE a Galicia?

4ª).- Está disposta a Xunta de Galicia a defender o mellor trazado, que foi no seu día probado, da liña de alta velocidade que circunvala da cidade de Ourense?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2012

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal  
María Quintas Alvarez  
Juan Carlos Francisco Rivera  
Carmen Acuña do Campo  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Xabier López Vidal na data 22/03/2012 12:33:51**

**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 22/03/2012 12:33:56**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 22/03/2012 12:34:04**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 22/03/2012 12:34:10**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira domínguez e Henrique Viéitez Alonso**, deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á aprobación dun novo modelo de sinalización nas estradas que relega ou exclúe a lingua galega.

O Decreto 85/2012, do 16 de febreiro (publicado no DOG do 7 de marzo de 2012), modifica o Decreto 138/2008, polo que se aproba a sinalización turística de Galiza, e se aproba o Manual de sinalización turística de Galiza.

Neste texto legal evidénciase a estratexia, que é común ao resto de departamentos que conforman o Goberno galego, de relegar ou anular o uso da lingua galega. Neste caso, tamén no ámbito do turismo.

O Decreto agora modificado (138/2008) mantíña unhas normas de sinalización que non excluía a lingua galega, senón que a proxectaba, orgullosamente, de xeito deshinibido, na sinalética indicativa de lugares, espazos ou recursos turísticos. Así, era a lingua galega a que figuraba nas sinalizacións, entendendo que a proximidade lingüística ao español, e mesmo a presenza de simboloxía gráfica –pictogramas– permite identificar sen problema calquera recurso turístico presente nas indicacións visuais.

Porén, este novo Decreto, e o correspondente Manual de sinalización, botan abaixo ese avance lingüístico, e introducen elementos de confusión e de redución da



OFICINA PARLAMENTAR


Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

presenza do idioma propio de Galiza neste ámbito. Sob o criterio de “pautas para a aplicación do bilingüismo”, introdúcense elementos que, rebaixando a presenza e visibilidade do galego como (única) lingua propia de Galiza, mesmo inducen a posíbeis confusións, segundo reconece, contraditoriamente, o propio Manual: “hai que ter en conta que a aplicación sistemática do bilingüismo en todos os sinais pode crear problemas á hora da lexibilidade da mensaxe”, ou ben cando asume que o denominado bilingüismo pode “crear problemas ao usuario á hora da interpretación da mensaxe”.

Chama tamén poderosamente a atención o evidente retraso que a modificación das normas vai provocar no proceso de sinalización, chegando a reconverter até os pictogramas destinados á identificación visual de castelos, faros, pontes, castros, cruceiros, ermidas, petróglifos, etc., e pondo un novo prazo de catro anos (até o 2016) para a execución práctica desta normativa. Retraso só fundamentado na obsesiva determinación do Goberno do Partido Popular por destruír calquera vestixio –mesmo simbólico- do anterior goberno, aínda que desa práctica se deriven prexuízos por razóns da evidente demora producida.

Hai máis. No Manual publicado no DOG figuran solucións gráficas nas que directamente se exclúe a lingua galega. É o caso do panel promocional referido á Ribeira Sacra, no que se exclúe radicalmente a lingua galega. Ou na convivencia, por exemplo, de Mosteiro/Monasterio, innecesaria por, como xa se indicou, proximidade lingüística e existencia de pictograma.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Por que razón decidiron modificar o Decreto 138/2008 no canto de optar por aplicalo?

2.<sup>a</sup>) Por que motivo non pode figurar o idioma galego (único propio de Galiza) nalgunhas sinalizacións, se non se encontra acompañado do español?

3.<sup>a</sup>) Por que se exclúe o galego dalgunhas sinalizacións?


4.<sup>a</sup>) Teñen previsto rectificar este proceder?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2012.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez  
Henrique Viéitez Alonso  
Deputados do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 22/03/2012 13:33:49**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**


Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/03/2012 13:50**  
**Nº Rexistro: 79669**  
Data envío: 22/03/2012 13:50:07.390

**Henrique Vieitez Alonso na data 22/03/2012 13:33:52**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/03/2012 13:59  
**Nº Rexistro: 79671**  
Data envío: 22/03/2012 13:59:05.456

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en comisión**, relativa ás accións que ten previsto desenvolver a Xunta de Galiza para solicitar a devolución de dúas estatuas do Pórtico da Gloria que neste momento ten a familia Franco.

Recentemente a Asociación en Defensa do Patrimonio Románico, O Sorriso de Daniel, reclamaba por carta á familia de Franco a devolución de dúas estatuas - columnas de finais do século XII e comezos do XIII, elaboradas polo taller do Mestre Mateo e que formaban parte da fachada exterior que cubría o Pórtico da Gloria. Segundo relatan estas estatuas foron localizadas por primeira vez fóra do seu entorno no ano 1933, cando Femín Bouza Brey as localizou nun pazo da Ulla, propiedade do conde de Ximonde. Segundo o historiador, o traslado producírase a este espazo a finais do século XVII. Posteriormente as pezas serán vendidas ao Concello de Santiago, coa condición de que non saísen da cidade. De feito, durante algún tempo formaron parte da decoración do pazo de Raxoi.

En 1961, no marco dunha exposición sobre a arte románico, aparecen estas dúas esculturas figurando como propiedade de Francisco Franco e procedentes do Pazo de Meirás. Segundo se relata na información publicada sobre este asunto, estas pezas deberon ser doadas durante unha visita do ditador ao Concello de Santiago de Compostela.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/03/2012 13:59  
**Nº Rexistro: 79671**  
Data envío: 22/03/2012 13:59:05.456

Desde o BNG compartimos o criterio da citada asociación a respecto da necesidade de que estas pezas sexan restituídas ao seu espazo orixinal, e que o patrimonio debe estar a disposición da cidadanía. Mesmo sería oportuno investigar os feitos concretos de como se produce a suposta “donación” do concello de Santiago á Francisco Franco e a posibilidade de reclamar a titularidade do mesmo.

Polo dito formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

Que valoración realiza a Xunta de Galiza sobre os feitos que se describen na pregunta?


Ten previsto a Xunta de Galiza realizar algunha actuación para reclamar que estas dúas estatuas sexan devoltas pola familia Franco?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2012.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo  
Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 22/03/2012 13:58:33**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/03/2012 16:30  
Nº Rexistro: 79673  
Data envío: 22/03/2012 14:07:15.819

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Luisa Bouza Santiago**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a asistencia domiciliaria no Concello de Rianxo.

No Concello de Rianxo, a asistencia domiciliaria préstase segundo a distancia aos centros sanitarios de referencia. Nalgúns casos, o domicilio recibe asistencia dende o Hospital Comarcal de Barbanza e noutros casos dende o Hospital Universitario de Santiago.

Na parroquia de O Araño, e en partes doutras parroquias de Rianxo, existen zonas de “sombra” que non están a recibir asistencia domiciliaria, xa que sobardan a distancia para seren atendidas por ambos os dous hospitais. Como consecuencia, persoas que precisarían visitas non as reciben e sofren discriminación no seu acceso aos coidados sanitarios.

Resultan afectadas un numero importante de persoas que non son responsábeis de que os criterios de distancia non as teñan en consideración e da falta de coordinación que impide que o tema se solucione sen prexudicar aos doentes.

Por este motivo, o Grupo parlamentar do BNG formula as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- 1.- É coñecedor o Goberno galego de que unha parte dos domicilios do Concello de Rianxo non reciben asistencia a domicilio pola distancia á que están dos Hospitais do Barbanza e Santiago?
  
- 2.- Considera o Goberno galego que un criterio burocrático pode excluír da atención sanitaria a un grupo de doentes?
  
- 3.- Que medidas ten previsto o Goberno galego poñer en marcha para resolver esta situación de discriminación?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2012.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago  
Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luisa Bouza Santiago na data 22/03/2012 14:05:27**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Luis Méndez Romeu e Xoaquin Fernández Leiceaga**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Os conservatorios superiores de Música, existentes na Coruña e Vigo, veñen sendo tratados pola Consellaría de Educación e Cultura como calquera instituto de ensino secundario malia as grandes diferenzas existentes entre ambos niveis de ensinanza.

Os conservatorios superiores son centros de excelencia na formación de artistas. A elevada ratio en moitas clases, un profesor por alumno, a necesidade de unir ensinantes e p´rctica concertante, tanto para alumnos como para profesores, as esixencias da creación artística que non se acomoda exactamente a unha planificación horaria, o carácter de acto cultural que ten o concerto con público e xa que logo as esixencias de promoción, crítica, creación de público, etc, son elementos non previstos no ensino secundario.

Faise necesario o deseño dun sistema organizativo propio para os conservatorios superiores de Música, extensible “mutatis mutandi” aos conservatorios superiores de teatro, danza e outras modalidades artísticas.

A organización debería contemplar:

- a) O carácter de centro cultural aberto á sociedade en canto á práctica orquestral e a realización de concertos e que se plasmarán en:
  - a.1) Concerto de invitados externos: institucións locais
  - a.2) Concertos de profesores do conservatorio, en condicións profesionais de retribución e de mérito computable como actividade de formación.



Grupo Parlamentario

a.3) Concertos de profesores e alumnos noutros conservatorios galegos, sociedades musicais, etc.

b) As necesidades organizativas específicas para actuar como centro cultural, facilitando a apertura dos edificios en fins de semana e período non lectivos, para ensaios e concertos, a dotación de bibliotecas e de fondos dabondo para libros, revistas, discos, partituras e audiovisuais, a maior flexibilidade de horarios para o profesorado, as axudas para publicacións e gravacións propias, etc.

c) Un convenio coas orquestras dos máis novos dependentes das orquestras sinfónicas galegas de carácter profesional para potenciar e coordinar ás orquestras propias dos conservatorios.

Son medidas sinxelas que no intre da integración das consellarías de Educación e Cultura non deberían resultar de imposible execución.

Por iso os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Que medidas prevé o Goberno galego para mellorar os conservatorios superiores de acordo coas liñas expostas “ut supra”?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu  
Xoaquín Fernández Leiceaga  
Deputados do G.P. Socialista

**Asinado dixitalmente por:**



Grupo Parlamentario

**Jose Luis Méndez Romeu na data 22/03/2012 11:21:26**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/03/2012 11:21:30**

-----  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
-----

## Á Mesa do Parlamento

Román Rodríguez González, Pedro Arias Veira, Teresa Villaverde Pais, María Soledad Piñeiro Martínez, Agustín Baamonde Díaz, Lourdes Yáñez García e Marisol Díaz Mouteira, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan as seguintes Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

A posta en marcha do Plan Lía de Mellora das Bibliotecas Escolares de Galicia, supuxo un fito significativo na concepción deste importante recurso didáctico e formativo e no papel que a biblioteca escolar desempeña como elemento activo de fomento da lectura entre o alumnado.

Dito Plan parte dunha serie de obxectivos ambiciosos orientados a favorecer a adquisición de competencias básicas nesta materia, potenciar a lectura comprensiva e as habilidades no uso da información, ou, entre outros aspectos, reforzar os equipamentos existentes, co obxectivo último de mellorar a calidade e o éxito escolar.

A súa progresiva implantación nos centros escolares de Galicia, xunto coa actual tramitación da Lei de Bibliotecas ou a celebración do Ano do Libro e da lectura de Galicia, está contribuíndo a paliar un dos déficit formativos, en comparación con outros países do noso entorno, máis significativo da nosa sociedade, cal é o baixo nivel en capacidade e comprensión lectora

Por estes motivos formúlense as seguintes preguntas:

1.- Cal é o balance que desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria se fai do Plan Lía?.



2.- Cántase con algún resultado salientable no referente á calidade das bibliotecas escolares?.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2012

**Asinado dixitalmente por:**

**Román Rodríguez González na data 22/03/2012 17:41:38**

**Pedro Manuel Arias Veira na data 22/03/2012 17:41:46**

**Maria Teresa Villaverde Pais na data 22/03/2012 17:41:50**

**María Soledad Piñeiro Martínez na data 22/03/2012 17:41:55**

**Agustin Baamonde Díaz na data 22/03/2012 17:41:59**

**Lourdes Yáñez García na data 22/03/2012 17:42:08**

**Marisol Diaz Mouteira na data 22/03/2012 17:42:14**

## Á Mesa do Parlamento

**María Seoane Romero, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Lorena López Rodríguez, Yolanda Díaz Lugilde, Agustín Baamonde Díaz, Lourdes Yáñez García e Fátima Iglesias Ferreira, deputadas e deputado do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

Os medios de comunicación deben sensibles coa prevención do grave problema social da violencia de xénero e ao mesmo tempo ser aliados a prol da construción dunha igualdade real de oportunidades entre homes e mulleres. No caso dos medios públicos galegos, ademais da dimensión social do seu labor informativo, formativo e de entretemento, estes teñen unha misión de servizo público. O pulo ás políticas de igualdade debe ser unha prioridade, tanto na Televisión de Galicia como na Radio Galega, na loita contra a violencia exercida contra as mulleres.

Por este motivo, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta.

¿Que actividades ou accións levaron a cabo os medios públicos galegos ao longo de 2011 para promover entre a opinión pública unha conciencia de prevención contra a violencia de xénero e de igualdade entre homes e mulleres?

Santiago de Compostela, 27 de Xaneiro de 2012

**Asinado dixitalmente por:**

**María Seoane Romero na data 27/01/2012 14:46:11**

**Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/01/2012 14:46:19**

**Lorena López Rodríguez na data 27/01/2012 14:46:27**



grupo  
parlamentario  
de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/01/2012 13:49  
Nº Rexistro: 76762  
Data envío: 27/01/2012 13:49:13.664

**Yolanda Díaz Lugilde na data 27/01/2012 14:46:37**

**Agustin Baamonde Díaz na data 27/01/2012 14:46:42**

**Lourdes Yáñez García na data 27/01/2012 14:46:51**

**María de Fátima Iglesias Ferreira na data 27/01/2012 14:47:01**

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA  
Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 519  
F. 981 551 422  
ce.parlamentariopopular@xg.es  
www.pp.galicia.es



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

**Carmen Acuña do Campo**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á recualificación da seguinte iniciativa e sexa incluída na orde do día da próxima sesión da Comisión competente, ante a falta de resposta da Xunta de Galicia no prazo establecido regulamentariamente:

- **Doc. núm. 63368**, sobre os datos referidos aos convenios vixentes no ano 2011, os que se van iniciar ou os que xa se iniciaron e que non existían anteriormente entre a Deputación Provincial de Ourense e a Secretaría Xeral para o Deporte, para a construción de infraestruturas deportivas correspondentes a proxectos plurianuais.

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2012

Asdo.: Carmen Acuña do Campo  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 26/03/2012 12:16:42**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Carmen Acuña do Campo, Modesto Pose Mesura, María Quintas Alvarez, Pablo Xabier López Vidal e Juan Carlos Francisco Rivera**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, solicitan a esa Mesa se proceda á recualificación da seguinte iniciativa e sexa incluída na orde do día da próxima sesión da Comisión competente, ante a falta de resposta da Xunta de Galicia no prazo establecido regulamentariamente:

- **Doc. núm. 68893**, sobre as previsións do Goberno galego respecto da construción, posta en funcionamento e dotación do Centro de Saúde da Valenza, no concello de Barbadás.

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2012

Asdo.: Carmen Acuña do Campo  
Modesto Pose Mesura  
María Quintas Alvarez  
Pablo Xabier López Vidal  
Juan Carlos Francisco Rivera  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

### Asinado dixitalmente por:


**María del Carmen Acuña do Campo na data 26/03/2012 12:15:59**

**Modesto Pose Mesura na data 26/03/2012 12:16:02**

**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 26/03/2012 12:16:07**

**Pablo Xabier López Vidal na data 26/03/2012 12:16:11**



 Grupo Parlamentario

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 26/03/2012 12:16:18**

-----  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
-----



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Carmen Acuña do Campo e Modesto Pose Mesura**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, solicitan a esa Mesa se proceda á recualificación da seguinte iniciativa e sexa incluída na orde do día da próxima sesión da Comisión competente, ante a falta de resposta da Xunta de Galicia no prazo establecido regulamentariamente:

- **Doc. núm. 76848**, sobre a situación na que se atopa a adquisición dun novo TAC para o Hospital Comarcal de Valdeorras e, se é o caso, as razóns da demora da súa instalación e as previsións ao respecto.

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2012

Asdo.: Carmen Acuña do Campo

Modesto Pose Mesura

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 26/03/2012 12:18:14**

**Modesto Pose Mesura na data 26/03/2012 12:18:17**



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727